

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA
29 DE MAIO DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURAN BEREIJO (incorpórase ás 20:52 h)
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 29 de maio de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 27.03.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 27.03.2025.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 27.03.2025, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

Pola Presidencia indícase que se vai alterar a orde do día pasando a continuación a tratar o punto

11. MOCIÓN DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, á seguinte moción:

11.1 MOCIÓN DE CAMBIO DE NOME DO CAMPO MUNICIPAL Ó BECO

Vista a Moción presentada en data 28.05.2025, que di:

“MOCIÓN DE CAMBIO DE NOME DO CAMPO MUNICIPAL Ó BECO.

A directiva do Cedeira S.D como representantes do clube quere facer unha mención especial para Carmen Maseda Alonso, Carmiña “A Madriña”.

Carmen Maseda Alonso, de Ortigueira e cedeiresa de corazón, recala no clube na tempada 1972-1973 ata 1987, foi a madriña do clube, un título que naide máis o ten. Non lle faltaban méritos para selo. Animaba, falaba cos árbitros, acompañaba ao equipo nos desprazamentos, prestábase a todo tipo de colaboración. En resume, era incansable.

Durante varios de esos anos formou parte de distintas xuntas directivas e en xullo de 1987 converteuse na primeira muller e única ata o de agora, en presidir ó clube, un cargo que desempeñou ata 1989. O seu labor foi recoñecido pola propia institución, que lle fixo un agasallo na tempada 1985-1986, e despois tamén polo Concello, que por unanimidade dos grupos políticos lle fixeron unha homenaxe en decembro de 1997.

Carmiña, foi todo para o Cedeira e moi querida por todos, é un símbolo para a entidade.

A capacidade de traballo que tivo polo clube foi de admirar e cada ano ata o seu pasamento seguiu sendo socia.

Dende o clube solicitamos ó Concello de Cedeira esta moción para que o Campo Municipal O Beco, pase a chamarse Campo Municipal Carmen Maseda “A Madriña”, cremos que este feito sería un gran recoñecemento á figura de Carmiña e que permanezca sempre na memoria do clube e na retina de tódolos cedeireses.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Nós estamos de acordo con este recoñecemento a Carmiña. Eu, na miña etapa xoven, asistín a moitos partidos no vello campo de fútbol que estaba valado cunhas táboas e desprazamentos a distintos municipios, e vin como Carmiña era unha entusiasta manifesta e axudaba ós xogadores e incluso lles lavaba a roupa na súa casa. Destacar que naqueles anos xa foi unha muller emprendedora que tomou a Cedeira nas súas mans, logrando distintos triunfos na súa etapa, pero sempre cun sentimento de cariño ós xogadores e resto das Xuntas Directivas. Un entusiasmo que durou ao longo da súa vida, incluso despois de abandonar a presidencia do club seguía colaborando coas distintas directivas, e si creemos que é un recoñecemento merecido que se lle cambie o nome ao campo de fútbol.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Eu non quero redundar máis no que se acaba de falar aquí da moción. Estou totalmente de acordo, o noso grupo está totalmente de acordo con esta moción. Carmiña era unha muller extraordinaria, sempre volcada no club e, por suposto, imos votar a favor desta moción.

O Sr. Alcalde di: Bueno, nós tamén como grupo imos apoiar, por suposto, esta moción. A verdade é que comparto as verbas que dixéchedes ámbolos dous, sobre todo, destacar nela que naqueles momentos no

que o fútbol era, sempre foi un deporte moi masculinizado, creo que foi unha gran pioneira nese sentido, de estar ela ao fronte dunha directiva, sobre todo antes, xa que era un cargo o que ía ostentar. Sabemos a importancia que teñen os clubs, non só nos xogadores, senón tamén a capacidade que teñen os adestradores, os directivos, os patrocinadores e todo iso. Creo que é un detalle moi bonito para unha persoa que tivo esa vinculación, e como antes se di ao final, hai cousas que é unha pena non facelas en vida porque son as cousas máis bonitas. Creo que pola nosa parte, non o comentei pero bueno o comentario a todos, o día da Patroa poder facer un partido en homenaxe e inaugurar digamos cunha placa o campo se está todo listo. Creo que sería algo bonito tamén.

O Sr. Nebril López di: Si, era a nosa idea tamén, da directiva.

O Sr. Alcalde continúa dicindo: Invitar á familia e, por suposto, á directiva por ter esta iniciativa tan fermosa, que non todo van a ser queixas, está claro. Sobre todo, hai que alabar tamén o voso traballo porque non é fácil estar ó fronte dunha directiva e, bueno, tamén interesa ter ese detalle pensando en quen estivo antes que todos vós e, sobre todo, vós que compartíchedes momentos con ela. Bueno creo que nada máis, non sei se alguén quere dicir algo máis... Pois entón, imos votar.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

11.2 APROBACIÓN DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS DO CONCELLO DE CEDEIRA

Pola Secretaría dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 28 de maio de 2025, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Asunto: APROBACIÓN DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS DO CONCELLO DE CEDEIRA

Visto que con data 30.04.2025 (rex entrada nº 202599900000802), D. Andrés Carlos Martínez Riveira, en representación da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol achega certificado plenario da aprobación do Programa de xestión de colonias felinas da Mancomunidade, informe do xerente e o texto do Programa de xestión de colonias felinas da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, aos efectos de que este Concello aprobe un documento análogo para cumprir co establecido na lei e permitir a concorrencia na convocatoria de subvencións ,cuxo prazo remata o 30.05.2025.

Visto que o artigo 39 da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos el benestar dos animais establece que as administracións públicas deberán desenvolver programas xestión de colonias felinas.

Visto que as recentes convocatorias de subvencións estatais en materia de benestar animal estableceron como requisito que as entidades locais contén cun programa de xestión de colonias felinas aprobado.

Visto que é de interese para este Concello a aprobación do Programa de xestión de colonias felinas do Concello de Cedeira co fin de concorrer a subvencións en materia de benestar animal.

Polo exposto, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Programa de xestión de colonias felinas do Concello de Cedeira, cuxo texto se inclúe como anexo desta proposta.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites necesarios en relación con este acordo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

ANEXO

PROGRAMA DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS DO CONCELLO DE CEDEIRA

PROGRAMA DE XESTIÓN ÉTICA DAS COLONIAS FELINAS DO CONCELLO DE CEDEIRA.

1. INTRODUCCIÓN

A Lei 7/2023 define no seu Art. 3 a xestión de colonias felinas como o “*procedemento normalizado, acorde ao desenvolvemento regulamentario establecido pola administración competente, mediante o cal un grupo de gatos comunitarios non adoptables, son alimentados, censados e sometidos a un programa sanitario e de control poboacional CER, controlando a chegada de novos individuos*”.

Neste sentido o Capítulo VI do Título II da Lei 7/2023, dedicado ás colonias felinas, regula os principios xerais, as funcións das Administracións locais, as obrigacións da cidadanía e as prohibicións.

En concreto, o Art. 39 indica que “*en ausencia doutra previsión na lexislación autonómica, e respectando o ámbito competencial establecido pola lexislación vixente, corresponde ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, a cuxos efectos deberán desenvolver Programas de Xestión de Colonias Felinas*”. De forma complementaria, o artigo 40 especifica que “*corresponde ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla xerar protocolos marco cos procedementos e requisitos mínimos que sirvan de referencia para a implantación de programas de xestión de colonias felinas nos termos municipais*.”

Por iso adóptase a decisión de alumbrar o presente Programa, considerado, además, como un documento vivo (nos termos da Directriz Técnica da Dirección Xeral de Dereitos dos Animais, sobre a Xestión de Poblacións Felinas de 1 de agosto de 2024)

As colonias felinas están compostas por grupos de gatos cun vínculo entre si que habitan un territorio específico. Estes gatos viven en liberdade, e dependen principalmente dos recursos que os humanos lles proporcionan, xa sexa de maneira intencional ou accidental, para a súa supervivencia. Os gatos que integran estas colonias proveñen de animais abandonados ou perdidos que volven a estados de pouca socialización, ou ben de camadas nadas na rúa de gatas caseiras que deambulan libremente sen estar esterilizadas.

A reprodución incontrolada provoca un problema de superpoboación, con riscos conexos de transmisión de enfermidades, prexuízo para o medio ambiente, condicións de vida non adecuadas, etc) que debe ser xestionado.

A entrada en vigor da lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais establece no capítulo VI do Título II as normas para o control poboacional de todos os gatos comunitarios, co fin de reducir progresivamente a súa poboación. Para estes efectos, a xestión corresponde ás entidades locais, sendo obrigatoria a identificación dos gatos mediante microchip baixo a titularidade da Administración Local competente, e a esterilización cirúrxica de todos os gatos comunitarios. Así mesmo, introdúcese o concepto de gato comunitario, entendido como aquel individuo da especie felis catus, que vive en liberdade, pero vinculado a un territorio e que non pode ser abordado ou mantido con facilidade polos seres humanos debido ao seu baixo ou nulo grao de socialización, pero que desenvolve a súa vida ao redor destes para a súa subsistencia; debe terse en conta tamén que o gato comunitario é unha especie comensal do ser humano, pois depende dos recursos que se lle facilitan de forma voluntaria ou involuntaria. Así mesmo, na xestión de poboacións felinas, podemos atopar tamén gatos abandonados ou extraviados, así como gatos merodeadores que deberán ser xestionados dacordo ás súas características. Por tanto, establécese unha xestión dos mesmos con métodos non letais, baseados no método CER, co obxectivo de reducir progresivamente a súa poboación mediante a captura, esterilización e retorno de gatos comunitarios a través de medios non lesivos para os animais.

2. O MÉTODO CER E OS SEUS BENEFICIOS.

O método C.E.R. é un método eficaz para xestionar dunha forma ética as colonias felinas que consiste na Captura, Esterilización e Retorno do gato doméstico non sociable ao momento de orixe da súa captura. A xestión ética e integral das colonias de gatos ferais mediante a aplicación deste método comporta a realización do control das mesmas, vixiando a saúde dos seus integrantes, achegándolles acubillo, protección e coidados veterinarios naqueles casos necesarios, proporcionando unha alimentación de forma máis saudable e por suposto responsable e controlando a súa reprodución. Evítase o nacemento de novas camadas, con cachorros expostos a un alto índice de mortalidade por diversos motivos. O método CER é ético e efectivo para o control poboacional, e os resultados empézanse a notar desde o inicio, porque se diminúe o número de camadas, por tanto de novos individuos, o que conduce a un maior e mellor control da colonia. Tamén se evitan outros problemas asociados, como son as pelexas, ouriños, loitas polo territorio e transmisión de enfermidades entre individuos que compoñen as colonias, etc. A aplicación doutro tipo de métodos, non éticos, baseados na pretensión de eliminar aos individuos das colonias tan só comportará efectos negativos. Ademais, este enfoque é totalmente ineficaz, tanto no logro do seu obxectivo, como no custo económico que implica para xa os limitados recursos públicos. Se se lograra capturar a todos os gatos dunha zona, tarefa extremadamente difícil, e se exterminasen, só se xeraría o chamado "efecto baleiro". Os gatos das áreas veciñas poderíanse trasladar ao lugar desocupado e comezarían novamente o proceso de reprodución.

Formuláronse outras tentativas como prohibir a alimentación dos gatos. Ademais dun aumento na malnutrición e as enfermidades dos gatos, isto provocaría un aumento nas pelexas por comida, invasións a propiedades privadas, zonas máis sucias por rotura de bolsas de lixo, etc. Doutra banda, os gatos son preeiros naturais de roedores e insectos: pretender acabar con eles é dar vía libre á proliferación de pragas de certas especies.

A aplicación do método C.E.R comporta, por tanto, múltiples beneficios:

A. Beneficios para os gatos das colonias:

- Redúcese a taxa de crecemento intrínseco da colonia co obxectivo de chegar a unha taxa negativa coa subseguinte redución do tamaño da mesma.
- Evítanse as pelexas, as agresións e feridas entre eles.
- Ao diminuír o número, a cantidade de comida ao dispor de cada un é maior, ademais ao ser proporcionada polas persoas voluntarias, será dunha calidade o máis adecuada posible.
- A súa saúde mellorará tanto pola calidade da alimentación, como polas nulas agresións entre machos e a ausencia de proliferación de enfermidades como a leucemia ou a inmunodeficiencia felina, transmitidas principalmente na *cópula e nas pelexas.
- A zona de alimentación estará limpa e hixienizada.
- As femias deixarán de sufrir a tensión provocada polo continuo ciclo celo -parto.
- Os gatos esterilizados, ao non ter a necesidade de copular, non percorren tantas distancias buscando parella, polo que diminúe a posibilidade de sufrir accidentes e atropelos.
- Os cachorros que poidan nacer previamente a poder capturar e esterilizar ás súas nais, estarán controlados, vixiando a súa saúde e dándolos en adopción cando sexa posible.
- A poboación se estabiliza disminuíndo finalmente o tamaño da colonia.

B. Beneficios para os veciños:

- Finalizan os ruídos molestos, tanto os aullidos que efectúan as femias en celo, como das pelexas dos machos.
- Evítanse os cheiros desagradables provocados polas marcaxes do territorio cos ouriños.
- Ter unha colonia sa evitará a desagradable visión de animais en mal estado para a veciñanza, e sobre todo para os menores.
- Ao estar a zona da colonia limpa evitará a proliferación doutras especies animais ou insectos como cascudas ou roedores.
- Os veciños que previamente alimentaban ou coidaban poderán adquirir os coñecementos necesarios para facelo velando polo benestar de todos e evitando conflitos entre eles.
- Serán gatos máis tranquilos e sedentarios.
- Mellorará a relación da veciñanza coa colonia felina.

3. OBXECTO DO PROGRAMA

O obxecto deste programa é definir os criterios e condicións para a xestión ética das colonias felinas, mediante a posta en marcha do método CER (captura -esterilización -retorno). Como principio fundamental e reitor do proceso de implantación do programa, integraranse os fundamentos do modelo de xestión ética das poboacións felinas en todas as fases do proxecto nun protocolo de actuación. Este protocolo regulará as funcións, dereitos e obrigacións de todas as partes, así como os puntos básicos e máis significativos do funcionamento da xestión. As colonias contrólanse grazas ao traballo compartido e a unión dos recursos públicos, da responsabilidade das administracións e a participación voluntaria e altruísta da cidadanía implicada no coidado e alimentación dos gatos.

O programa redactado fomenta a participación cidadá para conseguir unha xestión integral e coordinada, colaborando con entidades de protección animal, voluntarios, colectivos e asociacións sen ánimo de lucro de protección animal e veterinarios.

A prioridade e o método de traballo será sempre lograr a mellora das condicións das colonias felinas e facilitar a convivencia entre a cidadanía e os animais. Nos casos de forza maior, desprazarase a colonia a un lugar próximo, accesible para os animais e que non lles supoña risco algún. Para os animais que, polo seu carácter sociable ou por causas de saúde non poidan volver á colonia, reforzase a colaboración coas asociacións de protección animal para promover as adopcións e fomentaranse os acordos cos refuxios e asociacións para que colaboren na súa xestión, xa sexa a adopción, ou acollida.

4. ALCANCE

Este programa é de aplicación no ámbito territorial do Concello de Cedeira.

5. PROGRAMA DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS.

5.1 Obxectivos:

O obxectivo principal do programa é conseguir a mellora da calidade de vida dos gatos comunitarios, diminuír os problemas de superpoboación e xerar beneficios tanto para animais como cidadanía cunha adecuada integración na realidade do Concello de Cedeira. O CER xunto a unha correcta e máis accesible alimentación e mantemento do entorno constitúe o núcleo da xestión ética das poboacións felinas.

Búscase controlar o tamaño das colonias mediante a súa esterilización: considérase que a intervención mediante C.E.R. comeza a ser efectiva a partir da esterilización do 80% da poboación felina. Isto dará lugar a unha declinación gradual da poboación nun certo prazo, reducindo á súa vez o comportamento asociado a gatos non esterilizados, como escándalos provocados por pelexas, cheiros de ouriños, etc.

Os obxectivos do Programa de Xestión Ética das colonias felinas son os seguintes:

- Definir os criterios e condicións que han de cumprirse para a xestión mediante o método CER das colonias controladas de gatos urbanos.
- Protexer, xestionar e estabilizar o tamaño das colonias.
- Reducir ou eliminar os posibles problemas que poidan xurdir asociados á presenza de gatos urbanos non controlados á cidadanía.
- Favorece a colaboración entre a Mancomunidade, o Concello de Cedeira, os coidadores das colonias felinas e as asociacións de protección dos animais.
- Dar resposta aos veciños que desexan colaborar como voluntarios para a mellora da calidade de vida destes animais.

Unha aplicación adecuada do método C.E.R permite, co paso do tempo, que diminúa o tamaño das colonias se controle o número de gatos comunitarios dunha forma natural, eficaz e respectuosa cos animais.

5.2 Mapa de colonias e censo poboacional.

O primeiro paso tras a detección dunha colonia de gatos é realizar un estudo para pescudar, por unha banda, se hai alguén que os está alimentando e coidando, nese caso establecerase contacto coa devandita persoa para que informe da situación. Se ninguén coida da colonia, realizarase un estudo da zona, observando e detectando riscos ou perigos. Por suposto terase que censar o número de gatos, así como especificar, na medida do posible, o seu sexo, idade aproximada, características, estado de saúde, etc.

Ata o momento as colonias localizadas, que se irán actualizando durante o desenvolvemento do programa, son 162, nas que se computa un total aproximado de 2368 ANIMAIS, segundo o seguinte desglose:

CABANAS:

1 COLONIA; APROXIMADAMENTE, 6 ANIMAIS (4 FEMIAS, 2 MACHOS).



FENE:

12 COLONIAS; APROXIMADAMENTE, 149 ANIMAIS (91 FEMIAS, 58 MACHOS).

	TERMINO	LOPEL	SEPTIEMBRE
4 DE COLONIAS FELINAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2022 E O 31 DE AGOSTO			
DE:	FENE		
REACIÓI (m3a)	LOCALIZACIÓN	CÓDIGO POSTAL	IDENTIFICACIÓI COLONIA
2021	AVENIDA TARRIO	15500	EROSKI
2021	CARRETERA DE LA PALMA	15500	BARALLOBRE
2021	DOUTOR FRANCISCO MALVAR	15500	FRANCISCO MALVAR
2022	ALDEA MUNDIÑI	15500	ALDEA MUNDIÑI
2022	MUELLE DE MANÑOS, ZONA LONJA	15500	MANÑOS
2022	C/ ALCALDE GERARDO DÍAZ	15500	ALCALDE GERARDO DÍAZ
2022	C/ ANTONIA MONTERO	15500	MUEBLES RIVAS
2022	AC-122, CARRETERA DE CABAÑAS, MADALLUM	15627	MADALLUM
2022	CAMIÑO A LOMBA	15528	A LOMBA
2022	LUGAR A BREA 76, MANÑOS	15520	A BREA
2022	LIMODRE	15627	LIMODRE
2023	CAMIÑO DO REGUEIRO 8, SILLOBRE	15509	SILLOBRE

FERROL:
61 COLONIAS; APROXIMADAMENTE 837 ANIMAIS (458 FEMIAS, 379 MACHOS).

COLONIAS DE FERROL						
A DE CION	LOCALIZACIÓN	C. P	IDENTIFICACION DA COLONIA	SEXO FEMIAS/MACHO	ANIMAIS ACTUAL	A DE SETEMBRO
2021	AVENIDA DEL MAR, CARANZA	15405	LOS HUERTOS	7/10	17	17
2021	CANTON DE MOLINS	15403	CANTON	8/9	17	17
2021	AVENIDA DO REI 48	15401	SANCHEZ AGUILERA	6/8	14	14
2021	RUA TANONERA 11	15403	NAVANTIA	13/19	32	32
2021	SAN XIAO ESQUELLE	15594	SAN XIAO	6/2	8	8
2021	CARRETERA DE VALON	15593	VALON	8/7	15	15
2021	RUA 3	15406	TEREAS	6/8	14	14
2021	AVENIDA DE ESTEIRO	15403	ESTEIRO	3/3	5	5
2021	RUA CEDEIRA	15403	CEDEIRA	8/11	19	19
2021	CARRETERA DE CASTILLA, SAN XUAN	15405	SAN XUAN	10/8	18	18
2021	CAMINO DE OS BANOS	15404	OS BANOS	4/4	8	8
2021	EMILIA PARDO AZAN S/N	15406	RESIDENCIA DE	15/12	27	27
2021	RUA VAQUIN BRUQUETAS	15405	ALBATROS	5/7	12	12
2021	AVENIDA DOCTOR FLEMING 82	15401	CRUCERO CANDIDO	9/6	15	15
2021	AVENIDA DE SANTA MARINA 175	15405	SANTA MARINA	6/5	11	11
2021	ALDEA DE PAZOS S/N	15405	CLUB DE CAMPO	8/5	13	13
2021	ANEIROS S/N	15405	SERANTES	7/5	12	12
2021	RUA MONTON S/N	15404	MONTON	12/15	27	27
2021	RUA DOLORES S/N	15401	DOLORES	3/4	7	7
2021	RUA ESPARTERO S/N	15401	ESPARTERO	5/3	8	8
2021	RUA LUGO S/N	15403	LUGO	4/6	10	10
2021	RUA SANCHEZ BARCAUTEGUI S/N	15401	BARCAUTEGUI	8/4	12	12
2021	RUA PILAR	15590	A CABANA	3/3	6	6
2021	LUGAR DE BRJON	15593	BRJON	7/9	16	16
2021	RUA ESCORIAL	15405	ESCORIAL	5/8	13	13
2021	RUA ALONSO LOPEZ S/N	15401	IES FERROL VELLO	12/16	28	28
2021	RUA ALCALDE USERO	15403	ALCALDE USERO	4/5	9	9
2021	RUA REAL	15401	REAL	2/3	5	5
2021	AVENIDA DE UGO	15401	AVENIDA UGO	2/2	4	4
2021	AVENIDA DE AS PIAS	15404	AS PIAS	5/4	9	9
2021	PRAZA RIO DO TRONCO	15403	COLEGIO BELEN	8/9	17	17
2021	RUA INSTITUTO	15403	INSTITUTO	8/7	15	15
2021	RUA PINTOR MAXIMO RAMOS	15401	SAN ROSENDO	5/9	14	14
2021	CASTELO DE SAN FELIPE	15591	SAN FELIPE	3/4	7	7
2021	CARRETERA DE IOANE	15405	IOANE	3/6	9	9
2021	AVENIDA DE MAC MAHON	15403	BATALLOVES	3/5	8	8
2021	CAMINO PARCEDON	15405	SAN PABLO	7/10	17	17
2020	ENTERIORES DO REFUXO DE MOUGA	15594	REFUXO	25/20	45	96
2021	RUA INSUA	15403	INSUA	2/0	2	3
2021	RUA DEPORTE	15403	CALLE DEPORTE	5/4	9	9
2021	CELSO EMILIO FERREIRO	15401	CELSO EMILIO FERREIRO	3/5	8	8
2021	RUA SANTIAGO	15590	GRANA	5/6	11	8
2021	CALLE DEL SOL	15401	SOL	5/7	12	12
2021	BERTON	15404	BERTON	21/18	39	29
2021	MANUEL BELAUNDO	15404	MANUEL BELAUNDO	12/9	21	9
2022	RUA PARDINAS	15404	PARDINAS	6/5	11	
2022	LUGAR A PALLOTA	15401	A PALLOTA	12/11	23	
2022	RUA ATOCHA	15404	ATOCHA	8/6	14	
2022	PORTA DE NEIRA	15404	PORTA DE NEIRA	6/5	11	
2022	A CASTOIRA, ESQUELLE	15593	A CASTOIRA	5/3	8	
2022	CARRETERA DE CASTILLA 104	15404	CRTA DE CASTILLA	9/8	17	
2022	C PONZOS	15404	PONZOS	8/7	15	
2022	MANZANA 23, CARANZA	15402	MANZANA 23	6/5	11	
2022	ENRIQUE GRANADOS CARANZA	15402	ENRIQUE GRANADOS	25/20	45	
2022	OUTEIRO DONINOS	15593	DONINOS	8/7	15	
2022	RUA FERRES	15404	RUA FERRES	6/5	11	
2022	RUA RAMPA	15404	RUA RAMPA	4/3	7	
2022	SAN XORGE PLAYA	15592	SAN XORGE	12/11	23	
2022	FONTENOVA CANDIDO	15404	FONTENOVA	9/7	16	
2022	PARQUE REINA SOFIA	15405	REINA SOFIA	6/4	10	
2022	ALDEA TABOADA	15404	TABOADA	6/5	11	

MUGARDOS:
2 COLONIAS; APROXIMADAMENTE 19 ANIMAIS (13 FEMIAS, 6 MACHOS).



NARON:
61 COLONIAS; APROXIMADAMENTE 1086 ANIMAIS (611 FEMIAS, 475 MACHOS).

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

COLONIAS DE NARÓN

LOCALIZACIÓN	C P	IDENTIFICACION DA COLONIA	SEYO FEMIAS	MACHO ACTUAL	ANIMAIS 01/09/2022
RUA IRMANDADE	15670	IRMANDADE	65	11	15
RUA HORTINA	15670	HORTINA	52	7	7
PASEO DE NUBIA	15670	NUBIA	1520	35	32
RUA FORO	15670	FORO	8	15	15
RUA 25 DE JULIO	15670	25 JULIO	1812	30	27
ESTRADA DE CASTELA, COLEJO DE	15670	PINEIROS	1215	27	17
RUA ORTIGUEIRA	15670	MERCADONA FREIREIRO	2819	47	42
RUA SOLOZAS	15670	SOMOZAS	56	11	8
ESTRADA DE CASTELA, O PONTO	15670	PONTO	3538	73	51
RUA ROMANS PITA	15670	ROMANS PITA	53	8	5
RUA ALVARO PARADELA	15672	ALVARO PARADELA	170	19	10
RUA SOUTO 10	15670	SOUTO 10	98	17	12
RIO DO POZO	15670	RIO DO POZO	84	12	12
RUA GATENAS	15670	GATENAS	85	13	13
RIO DE LEREZ	15670	RIO LEREZ	109	19	19
RUA DON PELAYO	15670	PELAYO	52	7	7
PRESA DO REY	15670	PRESA DO REY	95	13	13
CAMINO DA CRUZ	15670	CAMINO DA CRUZ	98	17	17
CARRETERA DE CASTILLA	15670	VIP BURGUEZ	75	12	12
RUA MANDEO	15670	CALLE MANDEO	68	14	14
PENA DE ELBADE 1	15670	LUBUNCA	2532	57	38
OBISPO ARGAYA GOROCHEA	15670	CASAS DEL OBISPO	136	19	19
RUA ROMANS PITA	15670	PISCINA	106	16	16
RUA SAN YURYO	15672	SAN YURYO	128	20	20
RUA 10 DE MARZO	15678	10 DE MARZO	158	21	21
RUA SOUTO	15672	TANQUE DE TORMENTAS	1514	29	29
SAN JOSE ORBERO	15670	SAN JOSE ORBERO	1211	23	16
SANTIAGO APOSTOL, C P	15670	SANTIAGO APOSTOL	98	17	17
O VAL	15670	O VAL	1510	25	25
NARON, COLONIA DESCONOCIDA	15670	NARON			
APEADERO TREN FREIREIRO	15670	APEADERO	68	14	14
CASA BECERRA, CARRETERA DE SEDES	15670	CASA BECERRA	89	17	17
C FERRO COUPELO	15670	FERRO COUPELO	128	20	20
C MANOEL MARDIAS	15670	MANOEL MARDIAS	1410	24	24
C MARIA MARINO	15670	MARIA MARINO	139	22	22
CAMINO DA TORRE	15670	CAMINO DA TORRE	97	15	15
SAN LUCAS	15670	SAN LUCAS	86	14	14
FORTE DA CRUZ	15670	FORTE DA CRUZ	97	15	15
C FILOMENA DATO	15670	FILOMENA DATO	1316	29	29
CALLE CID	15670	CALLE CID	98	17	17
ROSALIA DE CASTRO	15670	ROSALIA DE CASTRO	65	11	11
PEDROSO	15687	PEDROSO	1311	24	24
MOLINO DAS ACENAS	15670	MOLINO DAS ACENAS	1211	23	23
AVENIDA DEL MAR, EROSKI	15670	EROSKI	87	15	15
XOAN XXIII	15670	XOAN XXIII	75	12	12
ILLA DA TOXA	15670	ILLA DA TOXA	54	9	9
MEGASA	15670	MEGASA	1211	23	23
RUA CANGAS	15670	RUA CANGAS	65	11	11
RUA XOAQUIN BRUQUETAS	15670	XOAQUIN BRUQUETAS	98	17	17
RUA A GARDIA	15670	A GARDIA	1210	22	22
RUA MARIA PITA	15670	MARIA PITA	65	11	11
RUA DO TRECE	15670	RUA DO 13	97	16	16
WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ	15670	WENCESLAO FDEZ FLOREZ	99	17	17
LUGAR DOSO	15670	DOSO	75	12	12
MARTIN CODAN	15670	MARTIN CODAN	65	11	11
A GANDARA	15670	A GANDARA	86	14	14
CASTRO	15670	CASTRO	97	16	16
FELISA	15670	FELISA	75	12	12
APARCAMIENTO DE ALCAIPO	15670	ALCAIPO	86	14	14
RIO SOBEÇOS	15670	RIO SOBEÇOS	54	9	9
ALDEA SABIN, SEDES	15678	ALDEA SABIN	43	7	7

NEDA:

3 COLONIAS; APROXIMADAMENTE 57 ANIMAIS (37 FEMIAS, 20 MACHOS).

[illegible]

CVD: YyZ438WuW/48bPrLwIGP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR Ana Velo Ruiz (FECHA: 24/07/2025 13:33:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2025 13:34:00)
Versión imprimible

CVD: grNr2F4LgtsGdSAK3+Qw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

VALDOVIÑO:

22 COLONIAS; APROXIMADAMENTE 214 ANIMAIS (138 FEMIAS, 76 MACHOS).

TABLA ANEXO D-B

DN	LOCALIZACIÓN	C.P.	IDENTIFICACIÓN	SEXO (H/M)	Nº ANIMALES ACTUAL	Nº ANIMALES 01/09/2022
	SECURERO A CARREIRA	15550	SECURERO	5 / 3	8	8
	COPAGRO, C RIBO	15552	COPAGRO	5/4	9	9
	LAGO, CAMINO DA PRADA	15550	LAGO	8/5	14	
	CACHABEIRA I	15550	CACHABEIRA	6/3	9	
	TARAZA II, VERGAS	15550	TARAZA	7/3	10	
	SAN MAIUEDE Nº 17	15550	SAN MAIUEDE	8/4	12	
	COLEGIO ATOS	15552	ATOS	13/7	20	
	AVENIDA COLCE CASAS Nº 38	15552	COLCE CASAS	5/3	8	
	XAVARZ, PANTÍN	15552	XAVARZ	8/5	13	
	RUA CARROZO Nº7	15552	CARRIDO	7/3	10	
	LUGAR A PENA	15550	LUGAR PENA	14/7	21	
	LUGAR A VORRINA	15552	MORRINA	10/8	18	
	O COTILLÓN, PANTÍN	15552	O COTILLÓN	5/3	8	
	O ARÍN, PANTÍN	15552	O ARÍN	4/2	6	
	OUTERO 22	15550	OUTERO 22	4/2	6	
	LUGAR PINEROS	15550	PINEROS	3/2	5	
	PORTA DO SOL	15550	PORTA DO SOL	3/2	5	
	CORREOS, CARRETERA DE CEDEIRA	15550	CORREOS	4/2	6	
	PLAYA DE PANTÍN	15550	PLAYA PANTÍN	3/2	5	
	MARRELA DE ARANCO, PANTÍN	15550	MARRELA DE ARANCO	4/2	6	
	SARIA	15550	SARIA	5/3	8	
	LAVADERO	15550	LAVADERO	6/3	9	

55/07/2025 Estado distribuido en 15/07/2025 15:00

5.3 Recursos humanos e materiais.

A. En canto a recursos humanos, contará co apoio de entidades colaboradoras como colectivos e asociacións sen ánimo de lucro de protección animal, así como de centros veterinarios (se é o caso, e cando proceda) e da empresa que xestione o refuxio. A colaboración cidadá contemplase a través das solicitudes de autorización de colonia felina que os veciños poden presentar en caso de detectar unha colonia felina sobre a que se deba actuar, reservando a alimentación e supervisión das colonias aos colaboradores autorizados.

B. Recursos materiais dispostos por parte da Administración: Prevese a dotación dun lugar adecuado con espazo suficiente e acondicionado para a retirada temporal da súa colonia dos gatos comunitarios en caso de necesidade, así como para gardar o material necesario.

C. Recursos materiais para o mantemento dos gatos nas colonias por parte dos colaboradores autorizados: gaiolas de recuperación, gaiolas de capturas, transportíns para traslados, areiros, comedeiros, bebedoiros e penso.

D. Recursos económicos dispoñibles por parte da Administración: habilitouse partida orzamentaria para os gastos relacionados coa aplicación do método CER.

5.4 Protocolo de actuación

Unha vez analizados os recursos dispoñibles, os obxectivos expostos e recolleitos todos os datos sobre a situación actual das poboacións felinas, activarase o plan ou protocolo de actuación no que se distribuirán todas as accións a realizar. Este protocolo é o seguinte:

5.4.1 Campañas de concienciación cidadá sobre os beneficios dos programas de xestión de colonias felinas.

A información sobre o beneficio social que comporta a convivencia con colonias felinas controladas é necesaria para unha maior sensibilización dos cidadáns sobre a importancia que teñen os gatos que habitan nas rúas. De igual forma, un mellor coñecemento da situación das colonias fomenta unha mellor convivencia entre a cidadanía e unha mellor coexistencia entre os veciños do lugar e os felinos que habitan no seu municipio. Estes beneficios son os que deben ser transmitidos a toda a cidadanía mediante campañas de concienciación en: páxinas web oficiais e en redes sociais; na radio local; en carteis e folletos divulgativos informativos, etc.

5.4.2 Formación.

Para poder desenvolver o programa de xestión ética é necesario e conveniente que os colaboradores, xa sexan voluntarios ou asociacións autorizadas previamente, fosen formados na xestión de colonias felinas, en como se aplican os métodos, na implementación do programa, xunto cos seus dereitos e obrigacións. Así mesmo, faise necesario a formación dos empregados municipais implicados para que teñan os mesmos coñecementos que o resto de participantes, poidan informar sobre calquera tema relacionado co programa e sexan capaces de resolver á cidadanía tanto as dúbidas como os problemas que puidesen xurdir.

Neste senso, seguindo as Directrices da DXDA sobre Xestión de Colonias Felinas, propóñense os seguintes itinerarios formativos:

1.- Formación de coidadores: temas troncais.

- Programa de xestión de poboacións felinas: conceptos xerais que afectan á actividade das persoas coidadoras.

- Coñecementos básicos sobre o gato comunitario e colonias felinas: que é un gato comunitario, como se forman as colonias e que tipos de gatos as compoñen.

- Boas prácticas de xestión de poboacións felinas:

- Coidado dos gatos.

Alimentación: periodicidade, coordinación entre coidadores, recipientes, tipos de alimentación, adecuación da cantidade de alimento ao número e as condicións da colonia, deseño e localización de puntos de alimentación.

Saúde na colonia: estratexias para garantir a saúde da colonia, coñecementos básicos sobre saúde poboacional, indicadores de signos de enfermidade e coñecemento das enfermidades frecuentes, medidas para evitar transmisión de enfermidades.

Comportamento e capacidade para recoñecer as súas expresións corporais, e faciais, especialmente os signos de sufrimento.

Fisioloxía e características reprodutivas do gato.

Estacións reprodutivas.

Diferenciación de sexos en cachorros e individuos inmaduros.

Comprensión e coñecemento da colonia e as súas dinámicas: recollida de datos, observación e actuacións.

Refuxios, zonas de eliminación de excrementos e señalética.

Prácticas non aceptables ou prohibidas.

- Limpeza e mantemento da contorna

.....1.1 Limpeza e xestión de puntos de alimentación ou refuxios.

.....1.2 Prevención de comensais indeseables.

.....1.3 Limpeza específica de zonas de eliminación de excrementos.

2 Obrigacións legais e mediación

.....2.1 Dereitos e obrigas establecidos no programa de xestión para os coidadores.

.....2.2 Coordinación entre coidadores.

.....2.3 Actuación ante alimentadores espontáneos.

.....2.4 Actuación cos veciños ou cidadáns que vivan preto de a colonia.

3 Correcta aplicación do CER

.....3.1 Importancia da correcta aplicación do CER.

.....3.2 CER de alta intensidade: concepto e mantemento.

.....3.3 Actuacións dos coidadores de forma previa e posterior á captura.

4 Vixilancia de novos individuos

.....4.1 Importancia da vixilancia sobre a poboación.

.....4.2 Parámetros para actuación no caso dunha detección.

.....4.3 Coñecementos básicos para valorar a socialización dos gatos.

5 Actuacións que deben iniciarse ante situacións frecuentes

.....5.1 Detección de novos individuos.

.....5.2 Detección de gatos feridos/enfermos.

.....5.3 Detección de gatos adoptables.

.....5.4 Detección de cachorros.

.....5.5 Detección de femias xestantes ou lactantes.

.....5.6 Detección de incidencias xerais.

6 Erros frecuentes na xestión de colonias e actuación en situación de urxencia.

2.- Formación das persoas coidadoras: temas optativos

Captura e técnicas de captura.

Técnicas de recolocación e desprazamento.

5.4.3 Solicitudes como colaborador autorizado e rexistro de colonias felinas.

Rexistro de colonias felinas:

Os veciños interesados na autorización/rexistro dunha colonia felina, e membros dunha asociación de protección animal rexistrada, haberán de presentar a solicitude de autorización/alta de colonia felina mediante unha declaración responsable, ao servizo competente e encargado da xestión da mesma. A solicitude incluírá: os nomes, dirección, teléfono e correo electrónico do solicitante, a localización da colonia e a súa descrición en canto a número de animais (Anexo I).

O servizo competente, tras a análise da solicitude formulada, realizará unha visita á localización e emitirá un informe técnico sobre a autorización ou non da devandita colonia, tendo en conta criterios de saúde pública, de sanidade ambiental, características da localización, seguridade, etc. Con carácter xeral, as colonias poderán estar situadas nalgún dos seguintes espazos:

- Vías e espazos públicos.
- Solares e escampados de titularidade municipal.
- Parques e zonas axardinadas municipais.
- Calquera outra localización de dominio público ou privado. Cando a localización se sitúe en espazo privado, será obrigatorio contar coa autorización expresa do propietario do terreo para as actuacións para realizar na colonia. (Anexo II)

Valorarase cada solicitude de autorización de maneira individual, segundo criterios de protección animal, saúde pública, característica da contorna e ambientais, da localización, etc. poñendo especial atención naquelas que estean situadas xunto a centros educativos, centros sanitarios, parques ou centros deportivos, zonas habilitadas especialmente para cans, terrazas de establecementos hostaleiros ou próximas a vías de tráfico rodado moi intenso.

Naqueles casos nos que a localización da colonia sexa causa de conflito e/ou discrepancia veciñal, a Mancomunidade (e/ou o Concello de Cedeira) poderá colaborar realizando información e formación sobre os beneficios da xestión controlada das colonias CER entre os veciños afectados e, se fose preciso, mediación entre as partes, sempre que as condicións de saúde pública, protección ambiental e da contorna e seguridade permitan.

No caso de que a colonia sexa autorizada, os animais serán rexistrados a nome da Mancomunidade ou do Concello, que se fará responsable dos mesmos, reflectindo os colaboradores autorizados, colaboradores responsables e entidades colaboradoras que van traballar coa colonia.

Rexistro de colaborador autorizado:

A Lei 7/2023, do 28 de marzo, recolle a definición de coidador de colonia felina como *“persoa, debidamente autorizada, que atende os gatos pertencentes a unha colonia, seguindo un método de xestión de colonias felinas, sen que poida considerarse persoa titular ou responsable dos gatos da mesma.”*

As persoas designadas como colaboradoras, en calquera dos seus tipos, recibirán un carné de colaborador a través do Refuxio de Animais, para a súa acreditación ante a cidadanía e a policía local. Deberá achegarse cando se requira acompañado de calquera outro documento identificativo. A expedición desta acreditación implica a aceptación, por parte do seu titular, dos compromisos e responsabilidades que corresponden á condición de colaborador, incluída a aplicación de boas prácticas e instrucións que lles sexan indicadas. A súa conservación está supeditada ao seu adecuado cumprimento.

É función do Concello autorizar aos colaboradores de acordo ao modelo de solicitude (Anexo V). Para un maior control da xestión, adxudicarase un colaborador responsable a cada colonia, encargado do coidado da colonia e de coordinar ao resto de voluntarios, se os houbese. O responsable da colonia será ademais, o voceiro entre a administración e o resto de voluntarios da devandita colonia.

Coa axuda destes colaboradores autorizados, posto que coñecen ben aos animais que alimentan e coidan, teñen coñecemento do número de animais que forman a colonia e poden facilitar e axilizar o labor, localizáranse e actualizarán os datos das colonias felinas. Nas colonias que non presenten colaborador coñecido poderase iniciar o proceso como consecuencia de queixas ou avisos formulados polos cidadáns.

5.4.4 Adxudicación dos servizos de asistencia en esterilización/castración, desparasitación, colocación do microchip e marcaxe.

É necesario adxudicar o servizo para o protocolo de atención e esterilización. En canto ao servizo, deben constar: revisión ou probas ás que se someterá ao gato, o tipo de esterilización a realizar, tipo de anestesia, así como o período de tempo necesario que terá que permanecer na clínica, tanto con carácter xeral, como naqueles casos que poidan presentarse situacións excepcionais. É de vital importancia que a entidade coa que se efectúe o contrato teña

experiencia no manexo deste tipo de gatos non sociables, así como nas técnicas de esterilización menos invasivas posibles, para unha mellor recuperación dos animais.

5.4.5 Adquisición de recursos materiais e habilitación de espazos.

Como establece a Lei 7/2023, do 28 de marzo, o municipio deberá contar cun lugar adecuado con espazo suficiente e acondicionado para a retirada temporal da súa colonia dos gatos comunitarios en caso de necesidade. Débese habilitar un espazo onde poder ter as gaiolas para recuperación de animais que o necesiten, así como onde gardar o resto do material necesario.

A Mancomunidad prevé a habilitación dun espazo acondicionado onde poder ter as gaiolas para recuperación de animais que o necesiten, así como onde poder gardar o resto do material necesario. Ademais, proporcionaranse refuxios felinos nas colonias do municipio onde sexan apropiados sen causar ningún tipo de molestia que proporcionen acubillo aos animais, o que redundará en beneficio de todos, xa que transitarán menos buscando como gorsecerse das inclemencias do tempo.

Casetas refuxio para os gatos: deberán de ser dun material que permita a súa limpeza e desinfección periódica. Instalaranse en lugares discretos e a salvo dos lugares transitados polas persoas. Tamén terán un deseño que permita, no posible, a súa integración na contorna.

Comedeiros e bebedoiros: instalaranse unha serie de recipientes para a comida e para a auga dos animais. As colonias serán alimentadas con máxima hixiene. Sempre con alimento específico para gatos, evitando deixar restos de sucidade e nunca con restos de comida que xeran malos cheiros, insectos e pragas que poñen en perigo a saúde dos gatos, así como supoñen focos de infección para as persoas, e auga limpa á súa disposición. Os comedeiros e bebedoiros instalaranse en lugares discretos. Salvo nos espazos asociados ao Refuxio de A Mougá, a adquisición de recursos e habilitación de espazos descrita neste apartado, corresponderá a cada concello, que poderá non obstante, requirir o asesoramento da empresa xestora do Refuxio.

6 DESENVOLVEMENTO DO MÉTODO CER, PROCESO DE CAPTURA, ESTERILIZACIÓN E RETORNO AO SEU HÁBITAT.

Captura.

A primeira fase a afrontar para a realización do método CER é a captura. Esta fase é un dos momentos máis complicados, debido á súa complexidade, ao carácter do gato e ás diferentes situacións de risco que poden desencadearse durante a mesma.

As persoas autorizadas para a captura deben ter a formación necesaria para executala da forma menos prexudicial para o benestar dos gatos.

É importante involucrar ós coidadores na captura dos animais na medida das súas posibilidades para manter o compromiso coa xestión da colonia

Planificación da captura.

Previo á captura de gatos da colonia debe planificarse toda a actividade. Nesta planificación deben contemplarse os seguintes aspectos:

a. Preparación do material e detalles sobre a captura

- Preparar o mesmo número de gaiolas que número de exemplares se pretende atrapar. Realizar máis dunha captura coa mesma gaiola é unha práctica inapropiada. En primeiro lugar, porque os cambios desde a gaiola trampa a un transportín poden supoñer escapes ou situacións de tensión extrema para os gatos. Pero tamén porque a falta de hixienización entre dúas capturas coa mesma gaiola pode supoñer un risco de transmisión de enfermidades. Ademais, as feromonas que os gatos expulsaron no momento da captura debido ao medo experimentado, poden dificultar, se non se hixienizou a gaiola entre capturas, que outro gato entre na gaiola ao detectar os sinais de alarma.

- Proba de funcionamento das gaiolas para utilizar. Convén revisar os mecanismos e a integridade da gaiola antes das capturas.

- Hixienización de todo o material, se non se realizou desde a anterior captura. Para a prevención da transmisión da panleucopenia, o calicivirus e o herpesvirus, recoméndase utilización de lixivia ao 6% para a desinfección de todos os enseres que estean en contacto cos gatos, uso de calzado e roupa exclusiva para a atención de cada colonia. Esta dilución deberá usarse inmediatamente. Antes da desinfección sempre deberá limparse con deterxente para eliminar a materia orgánica e que así poida actuar correctamente o desinfectante.

- Preparación de material accesorio: luvas, bridas, cobertores para as gaiolas, identificadores para cada gaiola, elementos de emerxencia e outros.

Os materiais téxtiles utilizados para cubrir as gaiolas, e aqueles que poidan colocarse no interior nun intento de ofrecer maior confort aos gatos durante o seu traslado, deberán lavarse tras cada uso a máxima temperatura para a súa hixienización.

- Acondicionamento e preparación dun vehículo para os traslados.
- Planificación da localización das gaiolas no territorio da colonia e os horarios máis apropiados para a captura.
- Preparación e planificación do espazo de custodia pre e post cirúrxica onde vaian estar os gatos.

b. Coordinación cos veterinarios actuantes: as datas para a realización das capturas e o seu número virán determinadas pola dispoñibilidade que nos ofrezca o veterinario para a realización das esterilizacións. É importante que teñamos en conta que á hora de planificar as capturas deberá priorizarse o benestar dos animais capturados, polo que deberán planificarse as capturas de forma que o tempo entre as mesmas e a realización das cirurxías sexa o mínimo posible.

c. Coordinación cos coidadores das colonias sobre as que se vai a actuar: o día anterior, polo menos cunha antelación de 24 a 36 horas, deberá deixarse sen alimentar á colonia, para axudar na captura dos gatos. Se os gatos non teñen fame é complicado que accedan ao interior das trampas e a súa captura será moi difícil. É unha das actividades previas máis importantes para que a captura teña posibilidades de éxito, polo que debe coordinarse a previsión cos coidadores.

d. As gaiolas trampa: sistemas e elección de modelo.

O método de captura a utilizar como prioritario é a gaiola-trampa. Existen diferentes modelos que se diferencian uns doutros polo sistema de peche.

- Peche de guillotina: a porta que pecha a gaiola cae, por gravidade, perpendicular sobre a entrada da gaiola. Non é o modelo máis aconsellable, dado que pode golpear ao gato impedindo o seu peche e pode provocar o fracaso na captura.

- Peche abatible: a porta cae por gravidade, abaténdose sobre a entrada á gaiola, de forma que ao pechar se enclava impedindo a saída do gato. Este método de peche pode provocar fallos na captura se o peche non está ben mantido e se o gato non está situado afastado da porta

- Peche abatible forzado: do mesmo xeito que o anterior, coa diferenza de que a porta é forzada a pechase por un sistema de resorte (“muelle”). Este sistema é o máis seguro para a captura porque unha vez activado o sistema de peche a propia porta empuxa ao gato cara o interior da gaiola, aínda que poden producirse fallos.

O dispositivo activador do peche é común a todos eles, é unha plataforma situada ao fondo da gaiola que activa o peche cando é presionada ao pisar sobre ela.

O modelo para escoller deberá ser unha combinación de modelo de peche e tamaño apropiado para a captura de gatos.

Captura

No procedemento de captura dos gatos comunitarios deben observarse as seguintes normas:

a. Procedemento de captura:

- As gaiolas deberán permanecer sempre baixo supervisión: non se poden deixar gaiolas sen supervisión xa que son métodos de captura non selectivos. Ademais, poderían xurdir problemas no proceso de captura que requiriran a intervención inmediata e supón un elevado risco para os gatos atrapados permanecer nela sen supervisión.

- As gaiolas deben colocarse sobre unha superficie lisa e estable para asegurar que o gato entra con confianza. O cebo de comida colocado ao final da gaiola non debe interferir co mecanismo de peche automático e debe ser comida húmida, para que resulte máis apetitosa.

- As gaiolas poden cubrirse ou esconderse como medida para facilitar a captura de individuos tímidos ou esquivos.

- As capturas son un procedemento que require paciencia, os gatos poden tardar varias horas en atreverse a entrar nos dispositivos.

- Unha vez o animal fose atrapado, a gaiola deberá ser cuberta inmediatamente cunha tea que impida a visión do gato fóra da súa gaiola.

- Posteriormente á captura aseguraranse as gaiolas con bridas ou dispositivos similares e identifícanse coa colonia da que provén o gato capturado. Desta forma evítase calquera confusión que, nalgún momento do proceso, poida facer que un gato retorne a unha colonia distinta á de orixe.

- Levar a gaiola cuberta de forma inmediata ó vehículo de transporte para trasladalo posteriormente ó lugar habilitado para custodia pre-cirúrxica.

- Debe terse especial precaución coas condicións de temperatura ou climatolóxicas no momento da captura. Non se deixarán gatos dentro de gaiolas trampa expostos ao sol, baixo a choiva ou en vehículos pechados con temperaturas que fagan perigar a súa vida.

b. Manexo dos gatos:

- A interacción cos gatos capturados debe ser mínima.

- No caso de que o gato que se capturou teña a marca auricular que indica que está esterilizado e sempre que saibamos que ten todo o seu protocolo CER finalizado (identificación ou outros) debemos valorar se convén o seu traslado ao veterinario para algunha actuación complementaria segundo o protocolo sanitario ou é preferible o seu retorno inmediato.

Traslado e custodia pre-cirúrxica

O traslado dos gatos á zona de custodia pre-cirúrxica debe realizarse da forma máis rápida posible, cun vehículo que reúna os requisitos mínimos de temperatura e acondicionamento para manter o seu benestar.

As zonas de custodia pre-cirúrxica deberán ser zonas tranquilas, sen presenza doutros animais como cans, co mínimo ruído posible e nas que se procurará que os gatos, sempre dentro das súas gaiolas trampa tapadas, teñan o máximo grao de benestar con algunhas medidas accesorias como papeis absorbentes baixo as gaiolas ou outros similares, garantindo a separación física para evitar a transmisión de enfermidades e/ou parasitos.

Esterilización e tratamentos sanitarios

As actuacións veterinarias sobre os gatos capturados seguirán os seguintes pasos:

- a. Sedación do gato: no caso de captura de gatos comunitarios presuponse que o seu grao de socialización impedirá un manexo sen sedación. A sedación ademais reduce enormemente os niveis de tensión do gato nestas situacións.
- b. Comprobación de identificación con microchip: o primeiro paso debe ser a comprobación cun lector da posible identificación do gato. Se o gato dispuxese de microchip debe comprobarse na base de datos correspondente o titular, que podería ser a entidade local se o gato xa se capturou, esterilizou e identificou previamente ou unha persoa física, nese caso interromperíase o protocolo CER e procederíase a un exame físico xeneral e á derivación do gato ao centro público de protección animal ou de recollida para o seu tratamento como perdido/abandonado.
- c. Exploración física completa: o veterinario revisará de forma xeral o estado de saúde do gato en procura de signos evidentes de enfermidade, lesión, parasitos internos e/ou externos ou outros problemas habituais como dentais, oculares, etc., e decidirá se é adecuado realizar a esterilización ou non, se necesita algunha proba accesorio ou se debe seguir o procedemento para animais enfermos ou feridos.
- d. Procedemento cirúrxico e de anestesia : se o estado sanitario do animal é adecuado, o veterinario realizará a orquiectomía en machos e ovarioectomía ou ovariectomía en femias, sempre baixo anestesia xeral. No caso das femias, a cirurxía debe realizarse mediante a técnica menos invasiva posible para facilitar a recuperación da gata, xa que deben retornar ao seu territorio o máis axiña posible. As pautas para a analxesia preventiva/multimodal e a aplicación de antibioterapia postoperatoria quedarán a criterio do veterinario, segundo as condicións do animal e a cirurxía.
- e. Aplicación do programa sanitario e de medicina preventiva: Desparasitación e vacinación segundo o establecido.
- f. Corte na orella para marcaxe auricular.
- g. Identificación: o veterinario habilitado implantará o transpondedor procedendo ao rexistro do gato a nome da entidade local no rexistro de identificación correspondente. O número de identificación facilitarase á persoa coordinadora do programa de xestión para o seu rexistro na colonia correspondente.
- h. Protocolo postoperatorio:
 - Tras a finalización das actuacións, o veterinario determinará o período de custodia postquirúrxica necesario para cada individuo, tentando que sexa o menor posible (idealmente un máximo de 24 horas) segundo as súas condicións de saúde e como se desenvolveu o procedemento cirúrxico.
 - Se vai ser devolto en breve á súa colonia depositarase, mentres aínda permanece sedado, nun transportín e permanecerá nel ata o seu retorno á colonia, seguindo os mesmos procedementos de seguridade e hixiene que na custodia precirúrxica.
 - No caso de que o veterinario determine que o gato deba permanecer hospitalizado durante o tempo que sexa necesario trasladaráselle a unha gaiola acondicionada para recibir o seu tratamento e atención veterinarias.

Retorno

O procedemento de retorno do gato á súa colonia seguirá os seguintes criterios:

1. Realizarse o traslado no transportín ou gaiola trampa no que permanecese en custodia postquirúrxica. No caso de ser un retorno procedente doutras situacións, introducirase nun transportín suficientemente robusto que impida a fuxida do animal, reforzándoo por medio de bridas ou similares. O traslado sempre se realizará co transportín ou gaiola tapado para impedir a visión do exterior. Respetaranse as mesmas precaucións en canto a custodia e traslado que se tiveron na captura e traslado ao veterinario.
2. Debe terse en conta que o gato debe estar totalmente esperto antes de proceder á súa liberación na colonia.
3. Débese seleccionar o mellor momento para o retorno segundo as características da zona, a afluencia de persoas e todos os factores que poidan influír.
4. Unha vez na colonia, buscarase un lugar tranquilo, con espazo suficiente libre de obstáculos e afastado de posibles fontes de risco como rúas transitadas, estradas ou similares, muros ou posibles caídas en altura.
5. Colocarase o transportín ou gaiola sobre o chan, liberarase dos reforzos que se colocaron na porta e encarárase a porta cara o camiño despedido que se desexa que o gato percorra para fuxir da nosa presenza. Abrirase a porta e daranse uns pasos cara atrás, fóra da vista da porta do transportín e esperarase a que o gato decida saír pola súa propia iniciativa.

6. Unha vez liberado pode presentarse a circunstancia de que o gato pase as próximas horas oculto. Non debería alarmar o que nas seguintes horas non faga acto de presenza nas rutinas que tiña adquiridas na súa relación cos alimentadores.
7. É conveniente vixiar que o gato non presenta ningún efecto non desexado derivado da cirurxía. Durante os seguintes días á intervención deberá prestarse especial atención ao comportamento e estado do gato.
8. Os gatos serán sempre devoltos á mesma colonia onde foron capturados ou, no caso de supostos legalmente establecidos para a súa recolocación, nos lugares onde se acorde e seguindo o protocolo establecido para iso.

Situacións extraordinarias

Durante as capturas de gatos comunitarios podémonos enfrontar a algunhas situacións extraordinarias. Nestas situacións debemos priorizar a efectividade da planificación e a preservación do benestar animal:

- a. Capturas controladas: son aquelas nas que temos que capturar un individuo concreto, por situacións de saúde, emerxencia ou outras. Nestes casos poden utilizarse gaiolas trampa con mecanismo manual ou outras alternativas de emerxencia, sempre priorizando o benestar do gato e valorando as circunstancias concretas da situación.
- b. Capturas de femias lactantes: débese tentar evitar a captura de femias lactantes. Con todo, no caso de capturar unha femia lactante e, tendo en conta que o obxectivo principal é esterilizar, se se localiza a camada pódese recoller para a súa entrada nun programa de adopción se está na idade adecuada para a súa socialización, ou ben levala ca nai ao centro veterinario para o seu acompañamento durante a esterilización. En todo caso, procederase á esterilización de forma prioritaria para retornala á colonia con moita brevidade. Baixo ningunha circunstancia débense confinar gatas lactantes non socializadas, nin en centros de protección animal nin en domicilios.
- c. Capturas de cachorros en idade de socialización: deben incluírse no programa de adopción do centro de recollida ou do centro de protección animal.

7 MANTEMENTO, SUPERVISIÓN E SEGUIMENTO DAS COLONIAS FELINAS

7.1 Sempre que sexa posible instalaranse carteis indicativos das colonias felinas controladas e xestionadas polos voluntarios do municipio:

- Cartel indicador de que a colonia de gatos forma parte do programa CER, indicando os beneficios que supón para a sociedade este programa. No cartel incluírase un número de teléfono ou dirección de correo electrónico para recoller dúbidas, queixas ou suxerencias que puidesen xurdir. Evitarase a sinalización das colonias que puidesen ter risco de vandalismo.
- Cartel informativo no que se indiquen as accións prohibidas que poñen en risco a estabilidade da colonia e o benestar dos gatos, como dar para comer aos animais, lanzar lixo ou facer dano aos animais. Informarase da prohibición de subtraer a comida, recipientes ou mobiliario da colonia.

7.2 A supervisión e seguimento é fundamental para o mantemento das colonias en condicións óptimas. O éxito continuado no tempo do programa depende do control exhaustivo que se faga sobre os animais, para poder detectar a tempo a chegada de novos individuos á colonia que poidan xerar un desequilibrio na mesma.

7.3 Realízase un seguimento anual mediante un sistema de indicadores que axudará a avaliar o éxito da xestión e a detectar os posibles erros na súa planificación. Os indicadores serán os seguintes:

- N° de gatos esterilizados
- N° de gatos identificados con microchip
- N° de gatos vacinados
- N° de colonias readaptadas
- N° de cursos de formación ou campañas de sensibilización efectuadas.

8 FUNCÍONS DOS ACTORES IMPLICADOS NO PROGRAMA DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS

Funcións encomendadas aos colaboradores autorizados:

- a) Acreditar formación de xestión de control de colonias polo método CER e en protección animal, impartido por unha persoa/ entidade con cualificación e experiencia na materia.
- b) Mantemento e limpeza diaria da colonia. O correcto mantemento da colonia conleva o seguinte:
 - Subministración controlada de alimento adecuado.
 - Hixienización periódica de comederos e bebedeiros, que deberán ser de aspecto e material aceptables, colocándose escondidos en áreas pouco visibles para favorecer a boa aceptación do proxecto.
 - Nunca se deixarán alimentos no chan e os restos limpanse diariamente para evitar situacións de insalubridade.
 - Limpeza das áreas utilizadas polos gatos para realizar os seus deposicións asegurando as condicións adecuadas de salubridade e hixiene da zona.
 - Control da inmigración: detección da incorporación de novos exemplares para o seu control sanitario e esterilización.
- b) Actualización do censo dos gatos e das colonias con carácter anual (anexos III e IV).

- c) Elaboración por parte dos responsables das colonias de informes periódicos sobre a situación das colonias, que incluírán datos do nº de integrantes, as condicións de salubridade da zona, estado no que se atopan os animais, e tratamentos veterinarios practicados no seu caso.
- d) Comunicación ao Concello de posibles incidencias e reorganización en caso de cambios ou ausencias temporais nos colaboradores autorizados.
- f) Solicitar ao Concello a esterilización e outros tratamentos obrigatorios establecidos na norma vixente.
- h) Coidados tras a esterilización.
- i) Asesoramento na solta ou retorno dos exemplares/animais á localización da colonia.
- j) Coidados pre e post tras emerxencia por enfermidade ou accidente.

Funcións encomendadas á entidade adxudicataria do servizo de xestión do Refuxio de animais e, cando proceda, no seu caso, do servizo de asistencia veterinaria:

- a) Exame veterinario e esterilización das colonias autorizadas.
- b) Identificación e marcaxe da orella dos animais esterilizados.
- c) Ficha de cada gato de a colonia esterilizado, con foto do exemplar.
- d) Desparasitación interna e externa con pipetas.
- e) Comunicación ao servizo municipal de calquera incidencia ou problema na colonia.
- f) Elaboración e presentación dos informes que poida requirir o Servizo Municipal Competente.
- g) Vacinación.

As funcións do servizo de asistencia veterinaria poderán ser reaxustadas a medida que avance o programa, en resposta a novas necesidades ou segundo o establecido no contrato para o servizo veterinario.

Funcións encomendadas ó Concello de Cedeira e á Mancomunidade:

- a) Recibir as solicitudes de autorización de colonias e proceder á súa autorización ou denegación, en ambos os casos xustificada, en prazo de 30 días.
- b) Emitir informe técnico de idoneidade/non idoneidade, por causa xustificada da colonia.
- c) Autorizar aos colaboradores de acordo ao modelo de solicitude (AnexoV) e dotarlles dunha identificación como autorizados, así como adxudicar a cada colonia un colaborador responsable.
- d) Coordinar as accións coa entidade adxudicataria do servizo de recollida/custodia de animais e e colaboradores autorizados responsables.
- e) Financiar e colaborar co servizo mancomunado e, no se caso, cando proceda, financiar e adxudicar o correspondente contrato para o servizo veterinario.
- f) Obter e financiar un seguro de responsabilidade civil para os animais das colonias que sexan autorizadas.
- g) Velar polo cumprimento de todo o anteriormente exposto.
- h) Visitas periódicas ás colonias a cargo da Policía, con informe sobre salubridade da zona de localización da colonia e de incidencias na colonia, trasladando a información ao servizo municipal competente.
- i) Memoria técnica anual coas actuacións que levarán a cabo durante o seguinte ano.

ANEXO I SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COLONIA FELINA XESTIONADA POLO MÉTODO CER

As persoas abaixo asinantes solicitan ó concello a Autorización de Colonia Felina para que sexa xestionada polo método CER, e cuxas características e localización descríbense neste documento.

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome e apelidos
DNI
Domicilio
Correo electrónico
Teléfono de contacto
Asociación protectora de animais rexistrada (no seu caso).

DESCRIPCIÓN DA COLONIA

Localización (Dirección postal completa. Engada calquera referencia ou dato que facilite a localización exacta da colonia)
Nº de animais no momento da solicitude
Localización do alimento
Están os animais esterilizados no momento da solicitude? ☒ SI ☐ NON

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE O/os abaixo asinante/s solicita/n a autorización da colonia felina descrita neste mesmo documento como colonia xestionada polo método CER.

En _____ a ____ de _____ de 202__

Asinado

ANEXO II AUTORIZACIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA COLONIA FELINA NUNHA PROPIEDAD PRIVADA

D/Dª. con D.N.I. nº..... e dirección a efectos de notificacións en..... nº..... C.P., email, Telf. como propietario/a da parcela situada en autorizo ó concello, á creación dentro da parcela da miña propiedade, dunha colonia felina autorizada, para que sexa xestionada mediante o método C.E.R, dentro do programa de Xestión ética das Colonias Felinas Urbanas do Concello de Cedeira.

Así mesmo, autorizo ós voluntarios adscritos ó Proxecto C.E.R. para a colocación de gaiolas de captura para poder levar a cabo o labor de Captura, Esterilización e Retorno, para evitar a proliferación e superpoboación da colonia.

Esta autorización é de carácter indefinido, mentres non haxa unha oposición fidedigna do propietario/a que deberá ser dirixida por escrito ó concello cunha antelación mínima dun mes.

En _____ a ____ de _____ de 202__

Asinado O/A propietario/a

ANEXO III CENSO DO CONCELLO DE CEDEIRA

FICHA IDENTIFICATIVA DO ANIMAL

NOME	SEXO	IDADE
CAPA	MARCAJE ORELLA: ESQUERDA _____ DEREITA _____	
CODIGO	UBICACIÓN DA COLONIA DE PERTENZA	
NUM. IDENTIFICACION	RESPONSABLE AUTORIZADO DA COLONIA	
DATA DE CAPTURA	DATA SOLTA	
NUM. MICROCHIP	DATA IMPLANTACIÓN	
ESTERILIZADO SI _____ NON _____	DATA ESTERILIZACIÓN	
OBSERVACIONES	FOTOGRAFIA	

DATA DE ALTA	DATA DE BAIXA	MOTIVO
--------------	---------------	--------

ANEXO IV CENSO DO CONCELLO DE CEDEIRA

FICHA IDENTIFICATIVA DA COLONIA

ANO		
UBICACIÓN COLONIA		
CODIGO COLONIA	RESPONSABLE COLONIA	
TOTAL ANIMAIS		
MACHOS	FEMIAS	TOTAL
NADOS	FALECIDOS	
DADOS EN ADOPCION	ENTREGADOS A PROPIETARIO	
TOTAL ANIMAIS ESTERILIZADOS		
MACHOS	FEMIAS	TOTAL
ANO ANTERIOR	ANO ACTUAL	

ANEXO V SOLICITUDE DE COLABORADOR/A AUTORIZADO/A

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome e apelidos
DNI
Domicilio

Correo electrónico
Teléfono de contacto
Asociación protectora de animais rexistrada (no seu caso).

Manifesta:

1. Que se ofrece voluntario/a para xestionar as colonias felinas urbanas que lle sexan asignadas, sendo colaborador/a autorizado/a.
2. Comprométese a cumprir co Programa de Xestión Ética das Colonias Felinas do Concello de Cedeira, e a seguir as instrucións da mesma en todo momento.
3. Comprométese a asistir ás accións formativas que sexan impartidas pola mesma.
4. Que acompaña a seguinte documentación: Fotocopia do DNI

Por todo iso, SOLICITA o seu nomeamento como colaborador ou colaboradora autorizada para a xestión e control das colonias felinas.

En _____, a de de 20.....

Asinado:"

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

Pola Presidencia indícase que a continuación proseguese co punto 2 da orde do día.

2. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. MC 07 2025 CE 01 2025.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.05.2025, que dí:

“**Expediente:** 2025/G006/000148

Asunto: Modificación de crédito modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais. MC 07 2025 CE 01 2025.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son créditos extraordinarios aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que non existe crédito e non pode ampliarse. A antedita modificación pódese financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2024, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 119/2025, do 13 de marzo de 2025, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 736.642,31 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 20.05.2025, na que queda xustificado a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que o crédito previsto non existe e non pode ser obxecto de ampliación.

Visto que con data de 20.05.2025 emitíuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 07 2025 CE 01 2025, modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 20.05.2025 emitíuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: “(...) *Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

(...)
O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.
Non obstante, o paragrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que “Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración do Plan Económico-financeiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financeiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso”. Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financeiro”.

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 07 2025 CE 01 2025, na modalidade de crédito extraordinario, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
341.62200	Protección e fomento do deporte. Inversión nova en edificios	110.000,00	Achega municipal proxecto “Ampliación e reforma da piscina municipal”
TOTAL		110000	

O financiamento da modificación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	110.000,00
TOTAL INGRESOS		110.000,00

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, tres (3) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG, e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Dende o inicio da presentación da nosa candidatura tivemos clara a prioridade da construción dunha nova piscina de 25 metros, tal e como aparecía no noso programa electoral, a ubicación sería a actual pista de tenis. Con data 7 de febreiro de 2025, fixemos a solicitude ao Concello para dispoñer da memoria técnica do proxecto da nova piscina que se quere facer. Non recibimos dita documentación, a pesar de que tal e como recolle a Lei de Organización e funcionamento das Entidades locais, os Concelleiros temos dereito a obter información para desenvolver correctamente as nosas función. E incluso fala, na contestación que nos dan, dinnos: cando se teña asinado o convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da obra, darásenos traslado da documentación. A nosoutros isto parécenos unha tomadura de pelo. Señor Alcalde, vostede ven aquí a tirse dos veciños de Cedeira e pretende que votemos a favor dunha medida sen coñecer a información ao completo, esta é a súa forma de facer política. Tamén lle pedimos a documentación da piscina municipal que se ía facer fai anos no Concello de Cedeira, e non nos entrega a documentación. O Tribunal Supremo, tal e como consta nesta información de prensa: o Tribunal Supremo obrigou ó Goberno Central de Pedro Sánchez a entregar de máis de 9.000 informes de Facenda a unha Senadora, máis de 9.000 informes a unha Senadora, a sentenza considera que nin a xeneralidade da petición nin o volume da información solicitada son razón para incumprir a solicitude, razóns, que neste caso, señor Alcalde, incúmpreas. A denegación da información solicitada supón a violación dun dereito fundamental para a participación política, pero nós non imos ir aos Tribunais reclamando este tipo de información, pero queremos que os veciños saiban que vostede non informa das peticións solicitadas polo segundo partido máis votado en Cedeira.

Con respecto á piscina, temos o exemplo de Cariño, un concello veciño, de cómo quedou unha piscina de 25 metros con gradas. Unha piscina feita por un Alcalde socialista e co apoio exclusivo ao 100% da Deputación da Coruña. Por certo, moitas veces métese con algún persoeiro, recordarlles tamén que fai cerca de 20 anos un concello máis pequeno, de cerca de 1.200 habitantes, ten unha piscina de 25 metros, coa compra previa dos terreos para facela. É evidente a falta de poder político que o Alcalde de Cedeira ten dentro do seu partido, tamén é evidente a falta de atención que ten na Deputación, sendo Cedeira, fai anos, referente a nivel político con conquistas que favoreceron aos veciños. Sempre nos falan moitas veces do pasado, pero temos aquí o exemplo de Leopoldo Rubido que xa en 2006 aprobou o Proxecto técnico básico e de execución da piscina de Cedeira por un importe de 849.897, 84 €, fai disto 19 anos. Proxecto que o tripartito tirou para atrás por un capricho do goberno deles. Por certo, proxecto que tamén solicitamos e que non se nos deu completo.

Unha pregunta: é certo que no convenio coa Deputación da Coruña a piscina non leva gradas? É patente o nivel de éxito dos clubs de natación de Cedeira con deportistas acreditados de 1º nivel galego e alto nivel do Consello Superior de Deportes, deportistas internacionais coa Selección española, de deportistas clasificados para o Campionato do mundo de aquatlón e duatlón, e o grado de uso por parte dos veciños de Cedeira coa piscina actual. O PSOE e o BNG de Cedeira levan anos, anos, dando tumbos e Cedeira non conta cunha piscina adecuada e a culpa, é moi sinxela, a culpa é de vostedes.

Por qué son necesarias as gradas na nova piscina? Porque poderían celebrarse durante case todo o ano unha ou dúas competicións mensuais coa participación de 200 nadadores. Qué suporía isto? Isto suporía que ademais dos nadadores, tamén contaríamos coa presenza de preto de 400 familiares que farían noite en Cedeira, consumirían no comercio local, comerían nos bares e restaurantes e deixarían os seus diñeiros en Cedeira. Isto suporía un forte crecemento a nivel económico para Cedeira, sobre todo, en temporada baixa, ademais do fomento da dinamización de actividades deportivas. Nosoutros facémoslles unha suxerencia para que, se o consideran oportuno, as teñan en consideración, que teñan en consideración as nosas propostas, que non son máis que polo ben de Cedeira. É mais, poden facer unha consulta veciñal e pregunten se os veciños de Cedeira queren a nova piscina con gradas ou sen gradas, democraticemos o proceso e teñamos en conta a opinión dos cidadáns. E todo isto para qué? Para que os familiares, tanto de Cedeira que desexen ver aos seus fillos, como aqueles que veñan de fóra, podan dispoñer de gradas e podan desfrutar dun espazo así. Hai numerosos concellos de Galicia que seguiron eses pasos, sen ir máis lonxe o concello de Cariño. Pedimos que fagan unha reflexión e retiren este punto da orden do día e, en vez de queixarse e chorar permanentemente, traballen para que os veciños de Cedeira teñan unha piscina digna para o uso e disfrute dos cedeireses e sexa unha piscina de 1ª categoría e non de 3ª.

O Sr. Alcalde di: Xose.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Si, grazas. Señor Cribeiro, compadezo á Senadora se ten que ler todos eses informes que ten solicitado, xubilarse, morrerá e seguirán máis da metade dos informes sen chegar a ler, ou sexa que iso... As xeneralidades están moi ben, ata certo nivel, pero ciñámonos á realidade, unha piscina de 25 metros costa un montón de cartos que o Concello de Cedeira non ten. Unha piscina de 25 metros pódese facer contando con apoio da Deputación, da Xunta e, por suposto, do Concello, pero o Concello non pode empregar un tercio dos cartos que costa facer unha piscina nova na ubicación que vostede di, no campo de tenis. E terceiro, sabe canto custa anualmente o mantemento da piscina que temos de 17,5 metros? Sábeo, señor Cribeiro?

O Sr. Cribeiro García di: Si, teño información.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Si, si. Sabe canto custa o mantemento? Canto custa?

O Sr. Cribeiro García di: Seino, seino.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Sábeo? Pois dígame canto. Canto custa o mantemento anual?

O Sr. Cribeiro García di: Ben o sei.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Ah, ben o sabe. Si, si, xa sei que o sabe. Quedaría sorprendido do custe que ten soamente manter aos graos de temperatura que nos piden, o control da piscina, os graos de temperatura que ten que ter a auga e que ten que ter o ambiente. Quedaría severamente sorprendido da cantidade de cartos, teñen moitos ceros detrás, soamente quentar. E despois, hai que tratar todo o sistema de depuración que, como vostede sabe, porque vostede sabe todo, é un sistema bastante activo que ten bastantes eivas que hai que estar permanentemente reparando. Temos un técnico que ten que ir igual ás 3

da mañá un día para facer os controis de cómo está o cloro e de cómo está o ambiente porque ao día seguinte chega o inspector da Xunta e hai que darlle os datos. Antes facíanse catro controis ao ano, agora fanse 14, 14 controis da piscina, tanto da auga como do ambiente.

Ben, a piscina de Cariño foi pagada ao 100%, di vostede, pola Deputación da Coruña, verdade? Triplicamos, Cedeira triplica, cunha piscina de 17 metros e medio, triplica o número de usuarios que ten a de Cariño. E eu supoño que os das gradas irán a sentarse alí antes de bañarse, porque non creo que os vaia ver ninguén. É máis, hai algún club de Cedeira que de vez en cando vai á piscina de Cariño e están sorprendidos porque están solos, porque están solos. É dicir, que se coñece tan ben a piscina de Cedeira ten que estar de acordo comigo que é a máis utilizada en toda a contorna con moitísima diferenza, con moitísima diferenza.

Por qué o Goberno adoptou a decisión de facer unha ampliación desta piscina? Pois únicamente por un problema económico, evidentemente. Temos unha piscina que está moi ben situada, que non imos a ter gradas, señor Cribeiro, non imos a ter gradas, pero vai ter 25 metros e vai ter un custe cinco veces menos do que nos custaba facer unha piscina nova, e iso si puidéramos facelo. Tres millóns de euros, evidentemente, non podemos gastalos, verdade que non? Ben, se estivera a Xunta disposta a botarnos unha man, vostede que sempre é invitado pola xente da Xunta cando ten un acto en Cedeira, dígalles de vez en cando que se preocupen por Cedeira tamén, aínda que haxa un Goberno que non sexa dos de vostedes, tamén son órgano municipal, son a oposición ao Goberno e teñen moito que dicir. Bótennos unha man, falen coa Xunta. Sabe canto tempo leva esperando o Alcalde para que o reciban? Bastante máis dun ano e pico. Sabe canto tempo levan outros Conselleiros esperando a recibir ao Alcalde? Un montón de tempo, é dicir, se vostede mediará, como di que quere o mellor para Cedeira, se vostede mediará, estou seguro de que se ían facer moitísimas máis cousas.

E por último, dígolle que o Club de natación de Cedeira, do que vostede tanto fala, están encantados coa ampliación da nova piscina, encantados, porque eles o que precisan é entrenar, entrenar, non que os vexan, senón entrenar. E en canto a que di que así se celebrarían máis eventos, pois precisamente teño aquí un evento que me acaban de mandar, para un duatlón que me mandaron hoxe: o 9º triatlón de menores Goodlife do Concello de Cedeira. É dicir, segue funcionando o Club de natación aínda que non teña esa piscina e ás veces teñen que ir fóra, é verdade, pero que quede claro que eles están a favor da ampliación desta piscina. Non ten gradas, señor Cribeiro, terá que ver vostede a través do cristal, pero... é o que hai.

O Sr. Cribeiro García di: Unha vez máis confírmanme, señor Xose de Vigo, que vostedes son incapaces para xestionar, son incapaces para pedirlle á Deputación da Coruña que financie parte da piscina como nós pedimos, son uns incapaces.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Pero se xa a van a financiar.

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Cómo non?

O Sr. Cribeiro García di: Parcialmente.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Parte, parcialmente.

O Sr. Cribeiro García di: A súa proposta, pero fágalle a proposta á Deputación tal e como nosoutros lla estamos comentando agora. Estou vendo que non entende a proposta que lle facemos nosoutros no que se refire ás gradas. Veñen aquí a chorar, a chorar... Touriño a moitos non nos recibiu e os Conselleiros tampouco, e a algún que nos recibiu cunhas contestacións totalmente impropias dun Conselleiro, que non se deben de dicir case nin publicamente. Eu fágolle unha pregunta e trasládella ao Club de natación de

Cedeira, aos responsables, vostede di que están encantados, pero vostede fágalle a nosa proposta, que leven gradas e, logo, dígame qué opinan, se consideran mellor a súa proposta ou a nosa.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Por favor, Xulio, un pouco de sentido común, un pouquiño de sentido común, porque ti entre 250.000 euros e 3.000.000, xa me dirás a diferenza. E ademais estou falando de que isto está falado con eles, co Club de natación de Cedeira, está falado con eles permanentemente, porque eu estou en contacto permanentemente co Club de natación de Cedeira, igual que o estou co resto dos clubs. E vostede, ven esporadicamente aquí un día e cádralle de falar, un día, porque vostede non vive aquí e descoñece moitas das cousas que pasan a diario, descoñece moitas das cousas que pasan. Eu non digo que non se preocupen, claro que se ten que preocupar porque forman parte do Concello, cómo non se vai preocupar? Pero están equivocados totalmente, totalmente equivocados. Agora se vostede nos atopa a alguén que nos de 3.000.000 de euros nosoutros encantados. Buscamos terra aínda que sexa na Capelada, bueno, é un dicir. Por favor, un pouco de sentido común porque somos un Concello pequeno.

Con respecto á piscina de Cariño e á de Ortigueira foron piscinas que se fixeron nos momentos triunfais nos que se conseguían cartos con máis facilidade que hoxe. Hoxe en día, hai moitos frontes abertos, tanto da Xunta non sabemos nada, practicamente non sabemos nada, pero é o que hai.

O Sr. Cribeiro García di: Eu teño bastante sentido común, se Cariño ten unha piscina de 1º nivel, Cedeira tamén a pode ter. Sorpréndeme que me diga que non vivo aquí, xa sabe onde vivo, non?

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non sei.

O Sr. Cribeiro García di: En Bruxelas. Vou e veño todos os días.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Ven todos os días? Está moi ben iso. Nada, eu xa acabei, non teño nada máis que dicir porque non hai argumentos máis para responder á insistencia.

O Sr. Alcalde di: Contestando a varias cousas que teñen que ver con isto; primeiro, a documentación que vostede solicita da piscina que se quere facer conveniar coa Deputación, está claro que se lle entregará cando estea o convenio asinado. Actualmente non está o convenio asinado, cando entre en vigor e cando sexa unha realidade. Non se lle vai dar sobre un proxecto que agora mesmo está o convenio sen asinar. Nese momento non haberá ningún problema en darlles o proxecto e, incluso, o convidamos a que cando teñamos todo ben preparadiño, que veña polo Concello...este Goberno é bastante transparente. Na documentación que vostede pide da piscina anterior do 2006, mandóuselle a documentación.

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Alcalde di: Si, si, mandóuselle a documentación. Eu teño unha copia aquí, esta mesma documentación.

O Sr. Cribeiro García di: Eu tamén a teño aquí.

O Sr. Alcalde di: Vale, pois é a documentación.

O Sr. Cribeiro García di: Incompleta.

O Sr. Alcalde di: A documentación...

O Sr. Cribeiro García di: Incompleta.

O Sr. Alcalde di: Espere, déixeme acabar e despois pode falar. Non teño ningún problema en darlle un turno de palabra. Esta é a documentación que se prepara dende Secretaría, que vostede diga que sexa incompleta ou non, pois terá que dicirlo a Secretaría, o único que creo que se lle dicía era que do Proxecto so hai un exemplar e que ese exemplar pode vir a velo ao Concello, pero non se lle pode enviar, senón nos quedamos o Concello sen o exemplar.

Máis cousas, fala vostede do proxecto de Leopoldo, eu que creo que este Proxecto se quere algún día podemos facer un Pleno extraordinario e falamos dese proxecto, dese 2006-2007, de por qué esa piscina non se fixo e todo iso, sen ningún tipo de problema.

Di que nós non temos peso na Deputación. Home, eu creo que vostede non sabe cómo funciona a Deputación, agora mesmo. Non, non, agora mesmo non o sabe, non llo digo por mal. É dicir, cando estaban os gobernos do Partido Popular, a Deputación da Coruña facía convenios nominativos de moitísimo diñeiro con diferentes concellos, a maioría deles do Partido Popular. A Deputación da Coruña ten agora outro sistema que se chama Plan de Obras e Servizos, onde reparte con criterios obxectivos a todos os concellos. Que significa iso? Significa que a cor política non é, digamos, o cauce ao final onde se destine o diñeiro. Ortigueira ten un millón e medio de euros do POS, fronte ós setecentos e pico de mil euros que ten o Concello de Cedeira. E nos parece moi normal; ten máis parroquias, ten máis extensión en superficie, co cal ten máis pistas e é normal que reciba máis diñeiro. Ogallá a Xunta aplicase ese criterio de ter un POS, porque pense que das catro deputacións, tres teñen o POS que están súper contentas e curiosamente a única deputación que non ten un POS é a Deputación de Ourense, que se segue dando o diñeiro a dedo. Nos anos que se leva facendo o tema do POS, non hai ningún concello que recibira unha piscina porque non se firman convenios dese tipo. É dicir, máis de 300.000 euros para facer unha piscina ou arranxar unha piscina, non o vai asinar ningún concello nos últimos anos dende que está Valentín Formoso na Deputación. Co cal, nós estamos conseguindo o máximo diñeiro que podemos ter. Peso na Deputación? Home, pois non sei se igual temos peso ou non, nós o que fixemos foi: a variante das Pontigas, un proxecto que estaba do período do 2007-2011, que estaba Vergara de Alcalde, que o Partido Popular o meteu nun caixón, como o proxecto das Cetáreas, proxecto executado, a variante de Rego de Tide, proxecto executado, e outro proxecto que en breves comunicaremos.

Máis cousas, fala vostede desta piscina, a todos nos gustaría ter unha piscina de 25 metros, por suposto, está claro, con gradas, con socorristas, que fora sostible economicamente e todo iso, pero unha piscina vale 3.000.000 de euros. Este Concello vai aprobar dentro dun ratiño un Orzamento de 6.700.000 euros. Para facer esa piscina, nosoutros tiñamos unha idea nun primeiro momento, incluso o levamos no programa electoral, que era financeira en tres partes: Concello 1.000.000, Deputación 1.000.000, que sería moi complicado tamén obtelo da Deputación, e Xunta de Galicia 1.000.000. Para iso lle pedimos unha cita ao Conselleiro. Vostede quéixase que non se lle entrega toda a documentación, o Conselleiro leva dous anos sen recibirme, dous anos, un Conselleiro da Xunta sen recibir a un alcalde. Vostede dixo antes que tampouco o recibían a vostede, parécelle qué é normal? A vostede no lle parecía normal que a vostede non o recibiran, pois o mesmo pensará de que non me reciban a min. Entonces, que fixemos? Fixemos outra alternativa que era modificar a piscina actual, cunha rúa máis, ata 25 metros e sen tocarlle á pista de fútbol sala porque queda aí para que o futuro depare o que quen estea aquí, nesta Corporación, decida. E iso foi o que se fixo, iso foi o que fixemos aquí, un Proxecto cofinanciado con eles e, xa lle digo, coa máxima cantidade que se lle vai a dar a unha piscina porque neses momentos, en momentos anteriores, todas as piscinas que se facían facíanse co 100%, pero eu o que non entendo é como Leopoldo Rubido, que estivo trinta anos ou trinta e pico anos de Alcalde non fixo unha piscina de 25 metros, tan importante que era. Esta piscina encima, esta proposta de piscina, foi consensuada co Club de natación, non porque o Club de natación non quería unha de 25 metros, e supoño que o Cedeira quería gradas por todo o seu campo de fútbol, a cuberta do campo que fora retráctil como a do Santiago Bernabéu e que se lle dera cun mando a distancia. Claro, a todos nos gustaría o mellor, pero é o que temos, non?

Que xestionamos mal ou xestionamos ben? Home, no tema do deporte, eu creo que despois de facer: cinco pistas de pádel, de cambiar agora o céspede do campo novo do Beco, que o primeiro céspede artificial que se puxo foi cando estaba Vergara de Alcalde, facer un ximnasio novo, uns vestiarios

femininos novos, cambiar o chan tamén do Polideportivo cunha inversión que tamén foi cun convenio coa Deputación -non temos peso na Deputación, pero xa van tres obras dese tipo- pois eu creo que é un pouquiño pois faltar á verdade, non?

É o que lle digo, cando queira vostede falamos desa piscina. Eu teño aquí as actas dos Plenos e por qué non se fixo esa piscina, pero bueno, se tan bos eran vostedes cando estiveron aquí, eu xa non entendo por qué non fixeron unha, incluso podían haber feito dúas porque a Deputación da Coruña tíñana e, daquela, si que había diñeiro a dedo, diñeiro a dedo, diñeiro nominativo a dedo. Agora hai convenios, pero a parte máis importante da Deputación vai no Plan de Obras e Servizos con criterios obxectivos. Nada máis, pasamos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

Sendo as 20:36 horas a Concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Carmela Prieto Cal, abandona o Salón de plenos.

3. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2025

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.05.2025, que dí:

“Expediente nº: 2025/T004/000001

Asunto: Aprobación Orzamento Xeral 2025

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente do Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o exercicio económico 2025, integrado pola documentación preceptiva recollida nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Visto o informe da Intervención municipal de data 20.05.2025 de control financeiro permanente ao Orzamento do ano 2025 no que se conclúe:

1. “1 Incúmprese o prazo legalmente establecido para a formulación do devandito documento orzamentario que tiña que ser elevado ao Pleno do Concello para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro do exercicio 2024, segundo o disposto polo artigo 168.4 do citado RDL 2/2004.

2. A teor dos documentos de contabilidade e dos informes que figuran no expediente, existen os suficientes ingresos con relación aos gastos orzamentarios e de estes respecto ás necesidades para as que estean previstos, sen omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á Entidade Local.

3. Os estados de gastos e ingresos do orzamento preséntanse sen déficit inicial e cumpren os seguintes principios:

- Nivelación orzamentaria interna: xa que os ingresos correntes (capítulos 1 a 5) 6.469.889,92 euros son superiores aos gastos correntes máis o capítulo 9 de amortización do capital da débeda (capítulos 1 a 5: 6.390.239,18 euros; capítulo 9: 0,00€), 6.390.239,18 euros.

- Estabilidade: xa que os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) 6.877.337,97€ son superiores aos gastos non financeiros (capítulos 1 a 7) 6.871.337,97€.
- Equilibrio orzamentario: capítulo 1 a 9 de ingresos, 6.877.337,97€ = 1 a 9 de gastos, 6.877.337,97€”.

Visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de débeda pública de data 02 de abril de 2024, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais e co artigo 11 e seguintes da Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no que se sinalan as seguintes conclusións:

“A. O proxecto de orzamento do exercicio 2025 do concello de Cedeira cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, producíndose unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

B. O proxecto de orzamento do exercicio 2025 do concello de Cedeira cumpre co teito de gasto non financeiro.

C. O proxecto de orzamento do exercicio 2025 do concello de Cedeira cumpre co obxectivo de limite da débeda”.

Esta Alcaldía no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o exercicio 2025, que ascende tanto no seu estado de ingresos como no de gastos á cantidade de **SEIS MILLÓNS OITOCENTOS SETENTA E SETE MIL TRESCENTOS TRINTA E SETE EUROS E NOVENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (6.877.337,97€)** co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

	CAPÍTULO	2025
1	Gastos de persoal	2.961.210,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.987.339,46
3	Gastos financeiros	3.200,00
4	Transferencias correntes	412.050,36
6	Inversións reais	461.538,15
7	Transferencias de capital	46.000,00

8	Activos financeiros	6.000,00
	TOTAL	6.877.337,97

ESTADO DE INGRESOS

	CAPÍTULO	2025
1	Impostos directos	2.139.530,70
2	Impostos indirectos	72.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	849.215,92
4	Transferencias correntes	3.157.633,65
5	Ingresos patrimoniais	251.509,65
7	Transferencias de capital	407.448,05
	TOTAL	6.877.337,97

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, a plantilla, anexos e demais documentación complementaria que acompaña a este Orzamento.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral do Concello de Cederia para o ano 2025, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte a aquel en que apareza publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polas persoas interesadas, de acordo co disposto no artigo 150.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, tres (3) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG, e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: En primeiro lugar, o grupo do Partido Popular de Cedeira considera que estes Orzamentos non se adaptan ás necesidades e inquietudes reais que teñen os veciños de Cedeira. Como xa sabemos cal vai ser a súa resposta, nós tñiamos un programa electoral cun compendio de ideas e iniciativas e proxectos que o PP de Cedeira considera fundamentais para mellorar a vida dos veciños de Cedeira. Recentemente ao punto anterior fixemos unha proposta que, por suposto, non se nos tivo en conta. Ademais, estes Orzamentos que se presentan a finais do mes de maio, final do mes de maio, no ecuador do ano, deste ano 2025, o normal é que foran presentados a finais do ano pasado para que puidesen entrar en vigor o primeiro de xaneiro de 2025.

Tamén queremos facer presente a nosa sorpresa; o BNG, socio do goberno de bipartito, queixase públicamente da parálise institucional que vive o Concello de Cedeira, e se o Concello de Cedeira está paralizado quere dicir que estes Orzamentos, ao igual que os do ano pasado que foron feitos e aprobados

por eles cando xa estaban no goberno, é dicir, que non van a resolver os problemas actuais. A falta de dirección política é patente e quenes sofren as consecuencias son os de sempre; os veciños de Cedeira.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Únicamente dicir que as consecuencias dos acertos e dos erros os asumen os veciños e as veciñas de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Xulio.

O Sr. Cribreiro García di: Non teño nada máis que dicir.

O Sr. Alcalde di: Dicir os orzamentos si que deberían, bueno, sempre se poden aprobar moitísimo antes, así que nós traballamos sobre as necesidades que temos. Está claro que o brindis ao sol que vostede plantexa, como plantexaba a piscina de 3.000.000 de euros, iso é totalmente inviable e non existe. Tampouco existen ningún tipo de propostas que vostede poda, que o seu partido, o seu grupo, aportase a este Pleno, a este goberno para que puidese incluír algún tipo de proxecto diferente.

Bueno, respecto aos Orzamentos, pois mire entramos no 2015, o 13 de xuño de 2015, día de San Antón, os orzamentos, daquela gobernaba o Partido Popular por maioría, o Partido Popular tñaos sen aprobar, aprobámoslos en xullo dese ano, con setecentos e pico mil euros que había de débeda de obras que se fixeron antes da campaña electoral, obras maiores, cuns reparos de Intervención que metían medo. Quero dicir, levamos, aquí agora mesmo levo no Concello dez anos e este é o décimo primeiro Orzamento que se vai aprobar. Que se puido aprobar antes? Si, tampouco imos a dicir que todo se fai perfecto, pero son uns orzamentos reais, non son corta-pega e son uns orzamentos que se adaptan ás necesidades que temos nós. Se tivéssemos máis ingresos, está claro que se poderían facer outro tipo de investimentos. Bueno, procedemos a votar os Orzamentos?

O Sr. Cribreiro García di: Podo intervir?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribreiro García di: De forma reiterada, señor Moreda, vostede, eu cando miro para o fronte e vexo a este señor de negro, vexo a Xose de Vigo, se miro para tras vexo a Suso Carracelas, vostede cando se dirixe a min, vostede ve a cara de Leopoldo Rubido ou a cara de Luis Rubido? Non, verdade que non? Pois cando queira falar deles convídeos a un Pleno para que expliquen as súas políticas do ano 2015 e daranlle a súa resposta, pero non me veña vostede con evasivas na súas respostas. Vostedes nestes presupostos, pois mira podían incluír varias anualidades, varias anualidades, pedir un crédito, facer a piscina en varias anualidades, sen ningún problema, como se fai noutros concellos. Pida un crédito, métao no presuposto e Cedeira terá una piscina en condicións. Mire que sinxelo.

O Sr. Alcalde di: Rematou? Voulle contestar; vostede eu non sei a quen representa, se ao Partido Popular, a Xulio Cribreiro partido independente, a independentes por Cedeira porque realmente eu a quen me dirixo é ao Partido Popular. Vostede, o primeiro que fixo na anterior intervención é falar de Leopoldo Rubido, da piscina e todo iso. Que pasa? Interesa para o que quere, unha cousa é do PP, agora non son do PP, volvo a ser, deixo de ir. Un pouco de seriedade tamén nese senso.

O do crédito? Pois claro que se ía facer desa maneira o do crédito se facemos unha piscina, pero co convenio que teríamos que ter coas tres administracións. Non é igual pagar 110.000 euros que pode asumir este Concello dun crédito, que igual pagar 340.000 ou 350.000 euros ao ano. Home, por favor, sexamos rigorosos. Veña, procedamos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

Sendo as 20:47 horas a Concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Carmela Prieto Cal, reincorpórase ó Salón de plenos.

4. APROBACIÓN INICIAL DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.05.2025, que dí:

“Esta Alcaldía inicia expediente para levar a cabo a aprobación do catálogo de postos de traballo onde figura proposta descriptiva no que se detallan as prazas do cadro de persoal municipal.

No proxecto de orzamento 2025 figura recollida dita previsión referida ao cadro de persoal, a súa dimensión económica ou sexa, sobre o gasto que, de ser o caso, supón a aprobación do cadro de persoal, sendo complementada coas tarefas asignadas a cada posto de traballo.

Dito catálogo de postos de traballo ven motivado pola necesidade de que a mesma responda aos principios de racionalidade, economía e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía recollendo adaptacións producidas durante o 2024.

A presente proposta de catálogo de postos de traballo responde á necesaria planificación dos recursos humanos dentro deste Concello como parte integrante da Administración Pública, a cal debe tender á procura e consecución da maior eficacia posible na prestación dos servizos públicos que ten encomendados, respectando escrupulosamente o ordenamento xurídico o que supón a utilización das técnicas e medidas establecidas na lexislación vixente, todo iso de acordo co mandato constitucional contido no artigo 103.1, que establece que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía descentralización, desconcentración, e coordinación con sometemento pleno á Lei e ao dereito.

Neste sentido a presente proposta é unha consecuencia da potestade de auto-organización do Concello, recoñecida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, potestade que se manifesta, no que se refire aos recursos humanos, de forma discrecional para configurar unha organización adaptada ás necesidades concretas de cada Entidade Local, e que supón unha obxectividade das funcións na que se definan as características referentes a cada posto de traballo (definición do traballo, enumeración de tarefas, horario e xornada de traballo, denominación do posto do que se depende, denominación e número aproximado de postos inmediatamente dependentes, etc.).

Visto todo o que antecede considérase que, téndose seguida a tramitación establecida na lexislación aplicable, procede a aprobación do expediente polo Pleno da corporación de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En base ao exposto, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o catálogo de postos de traballo que figura como anexo da presente proposta.

SEGUNDO. Que se someta este acordo á información pública por un prazo de quince días mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo os interesados poderán examinar o

expediente e presentar as alegacións e reclamacións que consideren pertinentes. Unha vez transcorrido dito prazo, se non se presentan alegacións entenderase como definitivo o acordo de aprobación inicial.

TERCEIRO. O presente catálogo de postos de traballo terá eficacia provisional en tanto en canto non se tramite e aprobe a preceptiva Relación de Postos de Traballo que dun xeito definitivo organice as distintas áreas do Concello, as tarefas e sistema retributivo de cada posto de traballo.

Asinado en Cedeira polo alcalde, na data sinalada á marxe.

ANEXO

CATALOGO DE POSTOS DE TRABALLO 2025

As cantidades asignadas a cada praza son por xornada completa (37 horas e 30 minutos semanais), nos contratos a tempo parcial aplicase o porcentaxe que para cada un corresponda en función da xornada que realice.

A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada dará lugar, salvo xustificación, a correspondente dedución proporcional de haberes.

En canto as retribucións esterase o sinalado neste catálogo, nos orzamentos, nas bases de execución do orzamento; e nas táboas salariais do Concello de Cedeira para o exercicio de 2025.

No apartado terceiro do decreto da alcaldía número 110/2022, de 24/02/2022, designouse e asignouse unha produtividade e recoñecemento retributivo mensual a Don Enrique Miguel Vázquez Martínez polo importe mensual de 180,00 euros brutos mensuais pola realización de forma extraordinaria de *“funcións de selección de espectáculos, contactar coas compañías e grupos seleccionadas para axuste da data de actuación, condicións de contratación e necesidades técnicas, así como recepción de documentación relacionada cos distintos espectáculos, preparación previa do espazo escénico para as distintas actividades a desenvolver nel, recepción das compañías e grupos, funcións técnicas de iluminación e son, e outras relacionadas co desenvolvemento das actuacións de grupos, compañías e espectáculos”*.

A partir do 1 de xaneiro de 2025, considérase máis axeitado que Don Enrique Miguel Vázquez Martínez perciba de forma extraordinaria un complemento de dispoñibilidade (CdDE) mensual de 580,00 euros brutos nas pagas ordinarias (de xaneiro a decembro), deixando de percibir dende o primeiro de xaneiro de 2025 a produtividade que viña percibindo de 180,00 euros brutos mensuais, compensando as cantidades unha vez entre en vigor o presente orzamento e non supoñendo unha retribución extraordinaria anual maior de 6.960,00 euros.

Se fosen máis dunha persoa as que desempeñaran a Dispoñibilidade Extraordinaria (CdDE), a cantidade de 580,00 euros brutos mensuais repartiríase entre elas.

O traballador/a que desempeñe a plena dispoñibilidade, terá dereito a percibir unha cantidade de 487,82 Euros brutos mensuais. Este traballador terá plena dispoñibilidade horaria sen que se supere, en computo anual, a xornada laboral ordinaria. Dito complemento denominarase “Complemento de Libre Dispoñibilidade (CdLD)”. Actualmente este complemento está asignado a Don José Ángel Picos Loureiro.

Se fosen máis dunha persoa as que desempeñaran a plena dispoñibilidade (CdLD), a cantidade de 487,82 euros brutos mensuais repartiríase entre os mesmos.

A designación e cese dos Complementos de Dispoñibilidade Extraordinaria (CdDE) e de Libre Dispoñibilidade (CdLD) farase mediante decreto da Alcaldía.

As persoas que desempeñen efectivamente as labores de “Secretaría da alcaldía e outros concelleiros”, funcións da “Xefatura da policía local”, funcións de “Secretario/a da Mesa de Contratación Permanente do Concello, xestión da licitación electrónica municipal a través da PCSP e preparación e elaboración de borradores de pregos de cláusulas administrativas particulares” e funcións de “Coordinación do persoal temporal de obras, servizos, limpeza e mantemento que sexan subvencionados total ou parcialmente por outras Administracións Públicas”, terán dereito a percibir unha cantidade en concepto de “Produtividade” polo desempeño de funcións adicionais sen menoscabo das responsabilidades correspondentes ao seu posto de traballo. O importe mensual queda fixado en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Secretaría da alcaldía e outros concelleiros”; en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Xefatura da policía local”; en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Secretario/a da Mesa de Contratación Permanente do Concello, xestión da licitación electrónica municipal a través da PCSP e preparación e elaboración de borradores de pregos de cláusulas administrativas particulares”, e en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Coordinación do persoal temporal de obras, servizos, limpeza e mantemento que sexan subvencionados total ou parcialmente por outras Administracións Públicas”. Se as labores se desempeñan entre máis dunha persoa o importe repartiríase proporcionalmente entre as devanditas persoas.

Do mesmo xeito as persoas que desempeñen efectivamente as labores do “Punto de información catastral” e as labores do “Mantemento do sistema de control horario”, terán dereito a percibir unha cantidade en concepto de “Produtividade” polo desempeño de funcións adicionais sen menoscabo das responsabilidades correspondentes ao seu posto de traballo. O importe mensual queda fixado en 120 € brutos mensuais polo desempeño das labores do “Punto de información catastral” e de 420 € brutos mensuais polas funcións de “Mantemento do sistema de control horario”. Se as labores ou funcións son desempeñadas por máis dunha persoa o importe repartiríase proporcionalmente entre as devanditas persoas.

A designación e cese das persoas que desempeñen as devanditas funcións realizarase mediante decreto da Alcaldía.

Cando no departamento de seguridade e orde público existan prazas vacantes non cubertas provisionalmente, ou se produzan situacións de incapacidade laboral temporal de longa duración que non poidan cubrirse provisionalmente, que dan como resultado unha minoración do número de efectivos, e se considere necesario por parte da Alcaldía que a policía local preste servizos pola asistencia fora da xornada habitual aos traballos de vixilancia e cobertura a aqueles eventos que se determinen, tales como o feira mensual, mercados, festas, probas deportivas, espectáculos públicos e actividades recreativas ou similares, xa teñan lugar en fin de semana ou por semana, a Alcaldía poderá dispoñer o pagamento en concepto de produtividade dun importe de 200 € brutos mensuais ós membros da Policía Local que mediante decreto sexan designados para a asistencia fóra da xornada habitual aos eventos que se determinen, fixando en dito decreto os funcionarios que teñen dereito a percibir e o inicio e fin da mesma, e mentres se manteña a referida situación de falta de persoal para a prestación dos servizos.

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita Proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Nosoutros queremos facer patente un apunte, vemos como numerosos postos de traballo, neste catálogo de postos de traballo 2025, numerosos postos de traballo atópanse vacantes. Un concello é evidente que non funciona cando non ten o persoal necesario e o que ten non está consolidado, tal como veñen reclamando durante anos os traballadores e a representación sindical do Concello.

O Sr. Alcalde di: Xose.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Eu non teño moito que dicir porque son unhas negociacións que estamos facendo cos sindicatos, este documento encaixa perfectamente co que estábamos falando antes.

O Sr. Alcalde di: Carmela, se queres facer algún apunte como Concelleira de Persoal. Se queres falar da Mesa de negociación, sabemos todos que antes de que se aproben os Orzamentos hai que aprobar o Catálogo nunha Mesa de negociación.

A Sra. Prieto Cal di: É un pouco o que acaba de dicir Xosé, que entedemos, entendo persoalmente, a dificultade de sacar adiante estes procesos de persoal tan longos, como é o caso da estabilización, na que temos pois agora mesmo avanzados case todos os procesos pendentes. E no caso do Catálogo de postos de traballo pois está, o que dixo Pablo, negociado cos traballadores e as traballadoras en Mesa de negociación do Concello e á vista de aprobar neste ano, que temos todos interese, a parte política e a parte sindical, por suposto, e os compañeiros e compañeiras traballadoras deste Concello, da mellor maneira posible e así é o noso compromiso de aprobar este ano a RPT e darlle un pouco solución. Entendo que non sei se todas as prazas, pero moitas prazas están vacantes, pero están cubertas evidentemente, a realidade é así, non cubertas definitivamente, pero o camiño é ese, o traballo cos sindicatos é ese e a predisposición do Concello é solucionar e consolidar os postos o máis pronto posible, aprobar unha RPT neste ano.

O Sr. Alcalde: Xulio, non sei se queres dicir algo máis. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

Sendo as 20:52 horas a Concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Carmela Prieto Cal, abandona o Salón de plenos.

Sendo as 20:52 horas o Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Ismael Durán Bereijo, incorpórase ó Salón de plenos.

5. APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES - EJERCICIO 2025

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 20.05.2025, que dí:

“**Expediente nº:** 2025/A013/000001

Asunto: Aprobación Plan Estratégico de Subvenciones - ejercicio 2025

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, unha parte importante da actividade financeira do sector público, canalízase a través de subvencions co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro a demandas sociais e económicas.

Un dos principios que rexen esta lei, recollendo a normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Por esta razón, o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, que ten carácter básico, establece a obriga de que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencions deben aprobar o seu correspondente Plan Estratégico de Subvencions.

O Plan foi creado pola Lei Xeral de Subvencions e concíbese como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política

pública xestionada a través de subvencións. No Plan débense indicar tanto os obxectivos que se pretenden conquistar, como os custes previstos e a súa financiación, ou o procedemento a seguir para o seu outorgamento.

Ademais, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que poideran afectar ás diferentes actuacións municipais, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións nas distintas Administracións Públicas evitando calqueira tipo de solapamento; configurándose, por elo, como instrumento de planificación idóneo das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Visto que con data de 20.05.2025, emitiuse Informe de Intervención de control financeiro, en sentido favorable á aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións para o para o exercicio 2025.

En base ao anterior esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Cedeira para o exercicio 2025.

SEGUNDO: Dispoñer a súa exposición ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.”

A Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

Sendo as 20:56 horas a Concelleira do PSdeG-PSOE, Dª Carmela Prieto Cal, reincorpórase ó Salón de plenos.

6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.05.2025, que dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Nº Expediente: 2025/C004/000002

Asunto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA

Este concello necesita levar a cabo a contratación do servizo denominado “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA”, segundo o Prego de prescricións técnicas asinado por José Pérez Vázquez da empresa SOGOS CONSULTING, S.L., de data 04.04.2025, cun orzamento

base de licitación de 8.717.592,30 €, IVE incluído e cunha duración de DEZ (10) ANOS a partir da data de inicio da prestación do servizo ofrecido, sen posibilidade de prórroga.

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP 2017), en relación co artigo 116 do citado texto legal, o órgano de contratación entende necesario proceder á licitación deste servizo, actuación incardinable nun contrato administrativo de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da precitada LCSP 2017.

A recollida de residuos sólidos urbanos (en diante RSU) é unha tarefa responsabilidade dos gobernos municipais segundo se establece no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 12.5 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Estas entidades enfróntanse a diversas causas para o seu desempeño eficiente por serias limitacións. O custo tanto da recollida de residuos como do seu posterior tratamento converteuse nun tema sensible para as administracións locais, entre outras razóns, porque sole tratarse dun servizo deficitario no que os ingresos por taxas non cobren os custos del.

Por outra parte, un correcto dimensionamento do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos é de grande importancia en termos tanto de calidade de vida dos cidadáns como das finanzas dos gobernos locais.

Neste sentido, e coa finalidade de adoptar medidas de aforro para equilibrar as contas destas administracións, o desafío da consolidación fiscal converteuse nun aspecto crucial para as entidades municipais.

Estes requisitos xorden da entrada en vigor no ano 2012 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), que ten como obxectivo básico garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira en todos os niveis da Administración pública. Dadas as fortes restricións impostas polo proceso de consolidación fiscal derivado da aprobación desta lei, a introdución de criterios de racionalidade na prestación de servizos públicos é unha das prioridades dos gobernos locais e adquire maior importancia se é posible. De aí a oportunidade de formular iniciativas e facer esforzos que contribúan a mellorar a solvencia dos municipios a través da planificación e a xestión eficiente dos servizos da súa competencia.

A contratación vén xustificada polas necesidades que hai que cumprir coa execución do contrato de acordo co artigo 25.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, *"o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: (...) b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas"*.

Ao non dispoñer o Concello dos medios, técnicos e humanos, necesarios para a realización deste servizo, tal e como se sinala no informe do técnico de Recursos Humanos do concello de data 14.05.2025, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa execución, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada ao fin perseguido.

Atendida a Memoria xustificativa da necesidade de contratar o servizo de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA” asinada o 15.05.2025, para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP 2017), en relación co artigo 116 do citado texto legal na que entende necesario proceder á prestación do devandito servizo, actuación incardinable nun contrato administrativo de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da LCSP 2017.

Visto o expediente administrativo nº 2025/C004/000002 incoado para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de servizos de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA”, cun orzamento base de licitación de 8.717.592,30 €, IVE incluído e cunha duración de DEZ (10) ANOS a partir da data de inicio da prestación do servizo ofrecido, sen posibilidade de prórroga.

Atendido o Prego de prescricións técnicas do servizo de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA”, asinado por José Pérez Vázquez da empresa SOGOS CONSULTING, S.L., de data 04.04.2025 que obra no expediente e o Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer no contrato de servizos de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA”, a adxudicar por procedemento aberto suxeita a regulación harmonizada con varios criterios de adxudicación, obrantes no expediente.

Atendido o informe xurídico favorable emitido pola Secretaría deste Concello de data 20.05.2025.

Atendida a fiscalización favorable emitida pola Intervención deste Concello de data 20.05.2025.

Atendido que se escolleu o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de conformidade co disposto no artigo 156 da LCSP 2017.

Atendido que segundo o artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) a subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que iniciará o órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Resultando que conforme ao artigo 117 da LCSP completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Tendo en conta a D.A.2ª.1 da LCSP que dispón: “Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Correspóndenlle ó Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no punto anterior que celebre a entidade local, cando polo seu valor ou duración non

correspondan ó alcalde ou presidente da entidade local, conforme o punto anterior. Así mesmo, correspóndelle ó pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais ós que se refire o artigo 121 desta lei."

Os recursos ordinarios do orzamento municipal para o exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024, ascenden a 5.896.407,14 €.

O valor estimado do contrato que se tramita é de 7.925.083,90 euros máis o importe das posibles modificacións: 1.585.016,78 euros, o que dá un total de 9.510.100,68 euros, sendo superior ao 10 % dos recursos ordinarios do orzamento (589.640,71€)

Por todo o exposto, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Memoria xustificativa da necesidade de licitar o contrato de servizos de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA” elaborada pola Alcaldía con data 15.05.2025, para os efectos previstos no artigo 28 da LCSP 2017, en relación co artigo 116 do citado texto legal.

SEGUNDO. Non dividir en lotes o obxecto do contrato, tal e como se sinala na Memoria xustificativa e no Prego de cláusulas administrativas particulares.

TERCEIRO. Aprobar o expediente nº 2025/C004/000002 de contratación de servizos de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA” mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

QUINTO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas do contrato de servizos de “XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA”, asinado por José Pérez Vázquez da empresa SOGOS CONSULTING, S.L., de data 04.04.2025 e o Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer no contrato mencionado, a adxudicar por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con varios criterios de adxudicación, nos termos que figura no expediente.

SEXTO.- Autorizar o gasto por importe de OITO MILLÓNS SETECENTOS DEZASETA MIL CINCOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS E TRINTA CÉNTIMOS (8.717.592,30€) con cargo á aplicación orzamentaria 1621/227.00 do orzamento 2025, que é o prorrogado do ano 2024.

SÉTIMO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato administrativo de servizos por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dando orde de que se proceda á publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Unha vez máis, señor Alcalde, vostede convidábanos nalgún Pleno a ensinarnos os pregos, pero é reiterativo na ocultación dos pregos. 6 anos para isto e nós só tivemos 6 días para botarlle un vistazo moi por encima, sen sequera ter tempo para estudalo con detalle.

No seu momento, tamén nos dixo que nos ía ensinar o que se ía facer no Palacete, pero chegou unha empresa de Lugo e fixo a obra e ninguén se enterou. No día de hoxe, outra empresa de Lugo, unha

consultora de Lugo, manda este informe. Fálase no informe de Benigno García de que o Concello non dispón de recursos humanos nin materiais para a prestación mediante xestión directa. Por parte do Concello, fíxose algún estudo económico se era máis barato unha empresa municipal ou delegar nunha empresa? 8.717.592,30 euros son cartos suficientes para que posiblemente, unha empresa municipal de basuras en Cedeira, fomentada polo Concello, dese emprego aos veciños de Cedeira.

Como dicía anteriormente, o tempo para ler todo este tipo de páxinas foi moi limitado. Queremos preguntar como quedan os traballadores da limpeza no novo contrato e se a limpeza de contedores vai ser máis numerosa no período estival, polo cheiro dos actuais contedores.

O Sr. Alcalde di: Xose.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Efectivamente, para chegar aquí houbo que dar moitos pasos e, afortunadamente, temos unha técnica que nos botou unha man importantísima. Eu creo que este é un traballo moi serio, o que está feito aquí. Tiveron moi pouco tempo para lelo? Unha semana? Unha semana tiveron para lelo?

O Sr. Cribeiro García di: 6-7 días.

O Sr. Arribe Rodríguez di: 6-7 días, bueno, pois a min me parece que da tempo suficiente porque está clarísimo.

E con respecto ao de ter un servizo municipal de limpeza, eu estaría encantado, como membro do BNG, de que tivésedes traballadores abondo para ter un servizo municipal, que todo fose municipal, estaría encantado, pero na realidade é imposible, entón hai que facer contratos con empresas externas, non queda outro remedio. E supoño eu, supoño eu, que haberá centos de concellos gobernados polo Partido Popular que non teñen un servizo municipal de limpeza. Supoño eu que hai algúns, verdade?

O Sr. Cribeiro García di: Haberá.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Haberá, claro. Pois neste caso, tamén. Eu non teño nada máis que dicir. Salvo que queirades dicir vosoutros algo.

O Sr. Cribeiro García di: Eu o que estaba preguntando era se se fixera un estudo económico por parte do Concello, se sería máis rentable crear unha empresa municipal de basuras. Non se me contesta. Tamén preguntaba como quedan os traballadores da limpeza no novo contrato e a limpeza de contedores se vai a ser máis habitual no período estival.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Pero se iso ven perfectamente explicado, ven perfectamente explicado a intensidade e a cadencia con que se limpan, coa que se van a limpar os contedores e todo iso. Iso hai que leelo, claro, pero está aquí todo explicado.

O Sr. Cribeiro García di: Pero vostede considera que a limpeza en xullo e agosto vai ser suficiente?

O Sr. Arribe Rodríguez di: Eu non teño máis que dicir. Se vai ser suficiente? Eu espero que si. Eu espero que si, en canto se aprobe isto e se contrate á empresa que opte e que esteña en óptimas condicións.

O Sr. Alcalde di: Rematáchedes ambas partes?

O Sr. Cribeiro García di: Si.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Si, eu si.

O Sr. Alcalde di: Non sei o dos 6 anos, eu creo que o tema dos 6 anos eu creo que se confunde vostede, non sei a que se refire. Di que ocultamos os pregos, vostede preguntou en moitos Plenos cando se ían traer estes pregos, pero creo que non houbo ningún Pleno onde vostede fixera unha proposta, o seu grupo, non vostede, pero como sabía que en 6 días non lles ía dar tempo, igual o dos 6 anos o dicía tamén, 6 días e 6 anos, tráíolle un pequeno resumo do que é isto que, ao final, tampouco era tan difícil de ver iso, é coller un subraiador e facer catro anotacións.

O Sr. Alcalde lee: O obxectivo dos pregos propostos para a contratación do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria, teñen como obxectivo cubrir as necesidades actuais do servizo.

AUMENTO DE FRECUENCIAS DE RECOLLIDA

- Fracción resto: urbano 6 días/semana e rural 2 días/semana con aumento de 1 día máis/semana de 15 xuño a 15 setembro (temporada alta)
- Vidro: frecuencia quincenal en urbano temporada baixa e semanal en temporada alta. En rural sempre frecuencia quincenal.
- Cartón/papel: en urbano 1 día/semana e 2 días/semana en temporada alta. No rural 1 día/semana en ambas temporadas.
- Recollida porta a porta de cartón para comercios e empresas 2 días/semana
- Biorresiduo: créase a recollida desta nova fracción coa implantación dos contedores marróns con pechadura, adquiridos polo concello ao abeiro das axudas destinadas a concellos para xestión de residuos. 2 días/semana e aumento a 3 días/semana en temporada alta.
- Recollida plásticos agrícolas. Establécense 5 puntos de acopio para que os usuarios poidan depositar este tipo de plástico, que se recollerá de xeito periódico 4 veces/ano.
- Recollida de voluminosos. Prevese a incorporación dun camión novo de pequenas dimensións con pluma e pulpo para facilitar a recollida. Establecerase un rexistro de solicitudes do servizo para coordinar as rutas de recollida.

Ter en conta que os novos contedores de carga lateral son de maior capacidade que os de carga traseira Búscase sobre todo evitar os reboses

LIMPEZAS ESPECIAIS FESTAS E EVENTOS

Establécense 12 xornadas de servizo especial de recollida.

SERVIZO DE GUARDIA

Establécese fóra do horario de prestación dos servizos ante a previsión ou alerta de fenómenos meteorolóxicos adversos, co fin de evitar danos ocasionados por desprazamentos de contedores, etc.

XESTIÓN DE PUNTO LIMPO MUNICIPAL

Auméntase o horario de apertura 1 día máis/semana (2 horas)

Inclúese a xestión do punto limpo móbil (que terá frecuencia quincenal itinerante polas diferentes parroquias) e dous mini puntos limpos de proximidade

LIMPEZA VIARIA

Divídese a zona urbana en diferentes sectores segundo a necesidade de limpeza (densidade de poboación, frecuencia de uso...)

Nas 5 rutas propostas dispóñense os servizos de barrido manual/mecánico e baldeo segundo as necesidades de cada zona.

Faise un especial fincapé na temporada de caída de follas e ubicacións dos contedores e papeleiras

Inclúe limpeza de vexetación espontánea e pintadas nas fachadas de edificios públicos.

Do mesmo xeito que para a recollida dos RSU establécese un reforzo de limpeza no caso de eventos, festas...

CONTEDORES

Contémplase a renovación dun 20% do parque de contedores de carga traseira (168 unid)

Implantación de contedores de carga lateral nas zona urbana e periurbana para EELL e fracción resto (335 unid)

Establécese un mantemento preventivo e correctivo dos contedores

Lavado trimestral e fracción resto e 8 lavados anuais para FORSU

RECURSOS E MEDIOS

A plantilla establécese en 14 operarios equivalentes.

O Sr. Alcalde di: O persoal ten que ser subrogado pola empresa que sexa adxudicataria do novo contrato, unha das preguntas que vostede fixo.

O Sr. Alcalde continúa lendo: Os camións de recollida equiparanse con sistema GPS para seguemento en tempo real e posible comparación a posteriori, co obxecto de mellorar o control do servizo.

O Sr. Alcalde di: Isto para que é? Isto é porque, a veces, igual algún veciño nos di que por tal zona non pasou o camión. Nosoutros falamos coa empresa, a empresa nos di que igual si que pasou, desta forma o que controlamos é a través dun GPS, cun programa informático, se o camión parou alí e estivo nese sitio. Polo menos sabemos se pasou de largo ou se parou 5 minutos, vale? Ou 4 minutos ou o que tarden en recoller. Creo que é unha medida boa.

O Sr. Alcalde continúa lendo: Novas adquisicións parque móbil:

- Camión compactador para carga lateral
- Camión compactador para carga traseira
- Camión satélite carga traseira para zonas de difícil acceso
- Camión caixa aberta con pluma e pulpo para voluminosos
- Barredora
- Furgoneta de servizos
- Material complementario de limpeza viaria

Elementos de uso adscrito

O Sr. Alcalde di: É que estou resumindo cousas, temos campañas de concienciación ambiental, tamén vai destinado algún diñeiro, e falamos das valoracións, por se tamén lle interesa que son:

O Sr. Alcalde lee:

- 50 puntos para criterios económicos
- 45 puntos memoria explicativa da prestación do servizo
- 5 puntos para melloras (2 puntos aumento de xornadas de limpeza extra ata máx. de 20 e 3 puntos a renovación de maior % de contedores ata 50%)

E o coste anual serían 880.860,30 euros

O Sr. Alcalde di: De aquí hai que descontar a parte que despois nos darían de ingresos pola parte da fracción separativa. Creo que foi un pequeno resume para todos e nada máis. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7. MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA NO MUNICIPIO DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.05.2025, que dí:

“PROPOSTA AO PLENO

Asunto: MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA NO MUNICIPIO DE CEDEIRA

Expediente: 2024/C004/000001

Mediante acordo do Pleno da Corporación adoptado en data 18.04.2024 adxudicouse o contrato de servizos de “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e actualización cartográfica no municipio de Cedeira” á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., con CIF A15093081.

Con data 02.05.2024 formalizouse o contrato administrativo do referido servizo, cun prazo de execución de 4 anualidades.

Con data 25.04.2025 foi incorporada ao expediente de contratación solicitude de modificación do contrato por parte da empresa adxudicataria do servizo, ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A, xustificada en que de acordo co previsto nos pregos que rexen a contratación, debe realizarse a migración da cartografía CAD ao modelo de datos SIX municipal, non resultando posible realizar dita migración, dadas as condicións nas que se atopa a cartografía CAD dispoñible, sendo imposible continuar e abordar a seguinte subfase, consistente na actualización cartográfica.

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas, “(...) Esta cartografía, que xa conta cun formato dixital, adoece de carencias en canto á distribución e organización de capas, xeorreferenciación, e carece dunha estrutura de datos propia dos sistemas de información xeográfica”. Indica a adxudicataria na súa solicitude de modificación que no momento en que se procedeu á organización de capas e á xeorreferenciación da cartografía CAD facilitada se puido comprobar a existencia de deficiencias que impiden a migración da cartografía a un formato que cumpra coas especificacións das NNTTP (Normas técnicas de planeamento).

Achegase pola adxudicataria informe realizado por técnica especialista en cartografía (enxeñeira técnica en topografía) de data 26.02.2025 no que se expón que os traballos a acometer segundo o disposto no PPT (migración, organización de capas e actualización) exceden do que se pode considerar unha actualización en termos razoables polos seguintes motivos:

- A ausencia da cartografía CAD en 3D afecta á totalidade da base do relevo da cartografía
- A ausencia das liñas coas que se xeraron os patróns dos peches e viarios afecta a unha elevada porcentaxe dos obxectos que compoñen a cartografía
- A deformación da xeometría afecta tamén a unha elevada porcentaxe da superficie cartografada a escala 1/1.000 e 1/2.000.

Por tal motivo enténdese en dito informe que os axustes da cartografía existente aos novos requirimentos das NNTTP, que é necesario levar a cabo, exceden do concepto de actualización en termos razoables que figura no apartado 1 do PPT, concluíndo que, dada a importante falla de datos e a existencia de innumerables deformacións, non resulta viable a simple migración de CAD a SIX e a súa posterior actualización, resultando máis operativa a realización dunha nova cartografía independente da existente.

Polo exposto, a adxudicataria indica que a cartografía CAD facilitada presenta tantas eivas que resulta máis viable a execución dunha nova cartografía que a súa modificación, resultando que o contido dos traballos superaría con creces o que se pode considerar un axuste e actualización en termos razoables, polo que enténdese que se debería proceder á modificación do contrato, contemplando a execución dunha nova cartografía, que supón un incremento do importe do contrato que ascende a 10.117,97 €, equivalente a un 4,76 % do total. Esta cantidade deberá incrementarse na porcentaxe correspondente de IVE e descontar porcentaxe de baixa comprometida pola contratista.

Visto que o artigo 205 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que so poderán realizarse modificacións no contrato non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, cando tales modificacións obedezan a algúns dos supostos contemplados no citado artigo e que se limiten a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as faga necesaria, establecendo o apartado 2.b. como condición que a modificación derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato e sempre e cando se cumpran as seguintes tres condicións:

- Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidera prever.
- Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVA excluído.

Estimando que a modificación non se considera substancial de acordo co disposto no apartado 2.c do citado artigo 205 pola porcentaxe de modificación do importe, por non alterar o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista e por non ter influencia na posible selección de candidatos ao contrato.

Visto o informe emitido polo técnico municipal en data 12.05.2025 en sentido favorable á modificación solicitada, estimando que é razoable desde o punto de vista técnico urbanístico.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal en data 20.05.2025 no que se indica que a proposta de modificación solicitada polo adxudicatario se axusta ao establecido na normativa aplicable.

Visto o informe favorable emitido pola intervención municipal en data 20.05.2025.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, proponho ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación do contrato do servizo de “Redación do Plan Xeral de Ordenación municipal e actualización cartográfica do municipio de Cedeira” formalizado coa empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., con CIF A15093081, nos termos solicitados polo adxudicatario en solicitude de data 25.02.2025, consistente na execución dunha nova cartografía, o que supón un incremento do importe do contrato que ascende a 10.117,97 €, equivalente a un 4,76 % do total, cantidade que deberá incrementarse na porcentaxe correspondente de IVE e descontar porcentaxe de baixa comprometida pola contratista.

Segundo.- Aprobar e dispor o gasto que a modificación do contrato do servizo de “Redación do Plan Xeral de Ordenación municipal e actualización cartográfica do municipio de Cedeira” supón para o concello con cargo á aplicación orzamentaria 151.22706 do orzamento 2025, que é o prorrogado do ano 2024.

Terceiro.- Dispoñer a formalización da modificación do contrato, facultando ao Alcalde para a sinatura de cantos documentos resulten necesarios para a execución do acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, ao que se citará para a formalización da modificación do contrato, debendo proceder ao reaxuste da garantía definitiva no importe correspondente.

Quinto.- Dispoñer a publicación do presente acordo de modificación na Plataforma de Contratación do Sector Público segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Da variación que houbo no prezo e unha das cousas que nos preocupaba era que ese incremento que puidera afectar á seguinte empresa que pode ser adxudicataria, entón, aínda que fora ese aumento que ao final esa diferenza, aínda sumándoa ao prezo da empresa que foi a adxudicataria, non se acerca ao que quedou segundo, co cal. Aquí están todos os informes favorables tanto da Secretaría, como de Intervención, como do Arquitecto municipal. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

8. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA (EXPEDIENTE 2025/G013/000001)

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.05.2025, que dí:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA (EXPEDIENTE 2025/G013/000001)

Este Concello considera necesario levar a cabo a actualización da normativa reguladora do uso das vías de titularidade municipal. Con esta finalidade incoouse expediente para a aprobación da correspondente ordenanza reguladora a fin de satisfacer as necesidades que se indican na exposición de motivos da propia norma, cuxo contido se transcribe a seguir:

<<No conxunto das vías do Concello, periodicamente, véñense facendo investimentos para rehabilitar ou conservar e mellorar o seu trazado, o seu firme e as súas infraestruturas asociadas. Estes esforzos da Administración atópanse moitas veces co uso non axeitado que se fai desas vías e camiños municipais, provocando danos que dificultan o seu uso posterior para a finalidade para a cal foron concebidos.

Son, sen dúbida, as actividades do sector forestal e en menor medida os traballos realizados nos parques eólicos, os que maior repercusión negativa teñen sobre as vías e camiños municipais, moitos dos cales non están deseñados para soportar o tráfico dos vehículos e conxuntos de vehículos pesados empregados nas actividades referidas.

O obxectivo desta ordenanza non é a de outorgar unha autorización que permita ou impida realizar traballos forestais e nos parques eólicos, dado que os concellos carecen de competencias nese ámbito, senón a de establecer unha regulación sobre o tránsito de maquinaria pesada utilizada nas operacións de traballos forestais e dos realizados nos parques eólicos polas estradas e camiños municipais, coa única pretensión de controlar o bo estado das vías, de velar polo bo uso delas e de esixir a reparación das mesmas cando as empresas sexan responsables de causarlle desperfectos por un uso intensivo.>>

Constando no expediente informe de Secretaría de data 22.05.2025 emitido en sentido favorable.

Visto o resultado da consulta pública, efectuada a través do portal web do Concello, para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados, sen que se presentase ningunha.

De acordo cos antecedentes e disposicións citadas, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Cedeira, cuxo contido se transcribe a seguir:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA

Exposición de motivos:

No conxunto das vías do Concello, periodicamente, véñense facendo investimentos para rehabilitar ou conservar e mellorar o seu trazado, o seu firme e as súas infraestruturas asociadas. Estes esforzos da Administración atópase moitas veces co uso non axeitado que se fai desas vías e camiños municipais, provocando danos que dificultan o seu uso posterior para a finalidade para a cal foron concebidos.

Son, sen dúbida, as actividades do sector forestal e en menor medida os traballos realizados nos parques eólicos, os que maior repercusión negativa teñen sobre as vías e camiños municipais, moitos dos cales non están deseñados para soportar o tráfico dos vehículos e conxuntos de vehículos pesados empregados nas actividades referidas.

O obxectivo desta ordenanza non é a de outorgar unha autorización que permita ou impida realizar traballos forestais e nos parques eólicos, dado que os concellos carecen de competencias nese ámbito, senón a de establecer unha regulación sobre o tránsito de maquinaria pesada utilizada nas operacións de traballos forestais e dos realizados nos parques eólicos polas estradas e camiños municipais, coa única pretensión de controlar o bo estado das vías, de velar polo bo uso delas e de esixir a reparación das mesmas cando as empresas sexan responsables de causarlle desperfectos por un uso intensivo.

Artigo 1. Réxime xurídico.

Esta ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida nos artigos 4.º 1.a) e 84 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 6.1 a) e 286.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), e na esfera das súas competencias, entre as que se atopa, a competencia en materia de infraestrutura viaria e de conservación de camiños e vías rurais segundo o establecido nos artigos 25.2 d) da LRBRL e no artigo 80.2 d) da LALG.

Asemade, en canto as vías municipais son bens de dominio público, resulta de aplicación o disposto no artigo 3.1 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RB).

A intervención a través de comunicación previa para a protección do dominio público viario e a regulación do procedemento de comunicación necesario e de verificación posterior fundaméntase no artigo 69 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e nos artigos 84 c), 84 bis e 84 ter da LRBRL.

A ordenanza regula tamén o réxime sancionador que resulta de aplicación, ao amparo do artigo 139 da LRBRL e o artigo 44.2 do RB.

Artigo 2.–Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, fronte aos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das actividades forestais, as relacionadas cos parques eólicos e outros usos equiparables dentro do termo municipal. Así, esta ordenanza, afecta ás actividades que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias de corta, desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos e transportes de madeira, ou transporte de biomasa). Así como tamén as actividades que teñan por obxecto a nova instalación, desmantelamento ou mantemento de parques eólicos.

Artigo 3.–Definicións.

Actividade forestal: aos efectos desta ordenanza, considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características do cultivo agrícola.

Corta e saca de madeira: aos efectos desta ordenanza, por corta e saca de madeira deberá entenderse a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro dos límites do Concello de Cedeira que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento dos vehículos e a maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte, recollida de biomasa e transporte da mesma).

Empresa madeireira: aos efectos desta ordenanza, por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e transporte da madeira, e tamén a xestión da biomasa.

Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para autoconsumo e teñan por destino a súa comercialización.

Empresa do sector eólico: aos efectos desta ordenanza, por empresa do sector eólico debe entenderse como calquera persoa física ou xurídica que realice tarefas de instalación, mantemento e/ou desmantelamento de aeroxeneradores ou calquer outra infraestrutura asociada aos parques eólicos, incluíndo os viais propios do parque eólico.

Camiño: aos efectos desta ordenanza, enténdense por camiño o viario de dominio e uso público municipal con capa de rodadura de terra ou saburra, xeralmente para tráfico local.

Estrada: aos efectos desta ordenanza, enténdense por estrada as vías de dominio e uso público municipal asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.

Artigo 4.–Ámbito de aplicación.

O ámbito territorial desta ordenanza é o termo municipal do Concello de Cedeira.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza, sen prexuízo da responsabilidade dos efectos que produza a actividade:

1. As cortas puntuais de exemplares de árbores illadas.
2. As podas en plantacións forestais.
3. Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.
4. Os traballos de roza e limpeza de predios.
5. As cortas de natureza non industrial nin comercial. destinadas ao abastecemento doméstico de leña, realizadas por particulares con vehículos agrícolas.
6. A eliminación dunha situación de perigo para as persoas ou bens.

Artigo 5.– Comunicación previa e tramitación.

1.-Antes de realizar os traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais ou realizar actividades de instalación, mantemento ou desmantelamento asociadas a parques eólicos, será obrigatorio presentar unha comunicación previa (utilizando o formulario normalizado)

A presentación poderá realizarse nas oficinas do rexistro municipal, a través da sede electrónica do Concello ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Efectuarase cunha antelación de 15 días hábiles á data prevista para o inicio da súa execución.

Sen prexuízo da necesaria obtención dos permisos ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios.

2.- Dita comunicación deberá conter a seguinte información:

- Datos identificativos da empresa.
- Titular ou titulares da finca ou monte afectado.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Plano de situación da parcela afectada, a escala suficiente que permita a súa localización, sen lugar a dúbida e, represente a rede viaria municipal e as entidades de poboación máis próximas.
- Documentación gráfica na que se describa o lugar de depósito, os camiños e estradas municipais empregadas durante a realización das actividades.
- Copia da solicitude de autorización ou comunicación previa requiridas na lexislación sectorial vixente. No caso de ser precisa licenza urbanística municipal, farase referencia á data de solicitude e ao número de resolución.
- Copia dos permisos de circulación do vehículo ou conxunto de vehículos cos que se van desenvolver os labores, ou documento oficial no que conste a súa masa máxima autorizada.
- Xustificante de depósito de fianza, nos termos recollidos na presente ordenanza.
- Copia do seguro de responsabilidade civil que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse na realización de traballos forestais; así como do último recibo pagado acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento no que está prevista a realización das operacións. No caso de que o depósito da fianza se substitúa por este. (Artigo 7)
- Presumirase o correcto estado de conservación das vías municipais. Non obstante, as empresas poderán aportar unha reportaxe fotográfica relativa ao estado previo das vías afectadas, por se existise algún dano previo ás actividades.

3.- A comunicación previa presentarse cada vez que esté previsto realizar unha saca de madeira e para cada parcela ou monte. Poderase presentar unha soa solicitude para varios montes e/ou parcelas cando estes estén localizados na mesma zona e os traballos vaian ser realizados simultaneamente, ademais de utilizar os mesmos camiños e estradas municipais.

4.-O Concello terá a disposición das empresas interesadas un modelo normalizado do escrito de comunicación previa..

5.-Se o escrito de comunicación previa ou a documentación se presentase incompleta, requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días hábiles a complete, emende ou aclare; coa indicación de que, namentres, queda suspendido o procedemento. Advertiráselle, ademais, de que en caso de incumprimento ou acatamento incompleto do requirimento, ditarase resolución téndoselle por desistido da súa petición; previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.-No caso de que se incumpra a obriga de presentar o escrito de comunicación previa establecida neste artigo, o Concello suspenderá as actividades que se estén realizando. Neste suposto, o Concello requirirá á empresa o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poida exceder dun mes. Cando a empresa madeireira non puidera ser identificada, serán responsables do cumprimento desta obriga os propietarios dos montes ou parcelas de que se trate. O disposto neste apartado, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza, conforme ao establecido nela.

7.-O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins ou calquera outra causa xustificada.

8.–O persoal adscrito aos servizos técnicos municipais e/ou os axentes da policía local (ou calquer outro persoal que o concello designe) serán os encargados de verificar e comprobar que o uso do viario se axusta ao previsto nesta ordenanza e a documentación achegada xunto co escrito de comunicación previa, así como o estado final das vías, unha vez rematadas as actividades.

9.–Non poderán realizar a comunicación previa aquelas empresas que, como consecuencia de traballos anteriores, cometesen infraccións contra a presente ordenanza e teñan danos pendentes de reparar ou de resarcimento ao concello; aquelas que teñan pendente o pagamento dalgunha sanción contemplada na presente ordenanza ou aquelas empresas que participasen nos traballos e sexan susceptibles de ser responsables do pagamento dos danos.

Artigo 6.- Normas e obrigas.

Con carácter xeral establécense as seguintes obrigas en canto ao desenvolvemento das actividades por parte das empresas nas vías públicas municipais:

- Prohíbese a ocupación das vías públicas e do seu dominio con depósitos de madeira, pólas, ramaxe ou calquera outro elemento, equipo ou maquinaria; así como das canalizacións, gabias, pasos ou todo lugar que dificulte o paso ou acceso a propiedades ou vías.
- Prohíbese a realización de desprazamentos de terras que polas súas características teñan a consideración de movementos de terra a efectos da normativa urbanística.
- Prohíbese que os refugallos, que non sexan estritamente vexetais, fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados.
Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse nos contedores municipais axeitados, de acordo á súa composición. Os residuos industriais, especialmente os aceites usados, entregaranse a xestor autorizado.
- A empresa queda obrigada á limpeza e retirada dos residuos derivados da actividade que desenvolva, de xeito que os camiños, estradas ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- A empresa estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
Igualmente virá obrigada a mostrar un cartel permanente ao borde da vía, que non retirará ata finalizar todas as actividades asociadas á corta, retirada de restos, limpeza e adecuación de viais. Nel deben figurar: razón social, CIF/NIF, enderezo e nº de teléfono de contacto da empresa madeireira. Ademais, disporán dunha copia da comunicación previa no lugar no que se desenvolva a actividade, co obxecto de mostrala aos axentes da autoridade que realicen as funcións de inspección.
- Preservarase o estado das vías públicas empregadas para a realización dos traballos; correspondendo á responsable das actividades o deber de comunicar ao concello calquera dano producido e, a obriga de proceder á reparación dos estragos producidos no firme, gabias, canalizacións, sinalización ou outros elementos; utilizando materiais e remates de calidades similares aos existentes.
- Os traballos ocuparán só o espazo indispensable da vía pública, permitindo sempre a circulación e cumprindo as disposicións normativas vixentes que regulan o tráfico, circulación e seguridade vial, especialmente as referidas a sinalización de traballos na calzada, corte de carrís ou desviacións na vía.
- As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de acordo co disposto na normativa sectorial de aplicación.
- As reparacións deberanse realizar no prazo máximo que para cada caso indiquen os servizos técnicos municipais; non obstante, de producírense alteracións que imposibiliten o uso dos camiños e das estradas durante a realización das actividades, deberanse realizar as reparacións, inmediatas e provisionais, que posibiliten o uso compatible das infraestruturas por persoas, animais ou maquinaria.
- O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido nela.

- A responsable da corta deberá comunicar ao concello a finalización dos traballos no prazo máximo de cinco días hábiles desde o remate destes.

Artigo 7.- Fianzas

As empresas deberán depositar unha fianza a favor do Concello, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, na Tesourería Municipal, con anterioridade á presentación da comunicación previa, co obxecto de responder das obrigas contidas nesta ordenanza.

As fianzas poderán presentarse nalgunha das seguintes formas:

En efectivo na conta bancaria que indique a Tesourería Municipal

Mediante aval, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito, e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España.

1. A contía será reintegrada e/ou cancelada previo informe favorable dos servizos municipais, unha vez finalizadas as actividades, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que, de non obter dito informe favorable, se produza a incautación definitiva da mesma, e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles.
2. Cando as cantidades depositadas en concepto de fianza resulten insuficientes para sufragar os traballos de reparación ou restitución, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.
3. Establécense dúas contías atendendo ao peso máximo autorizado do maior dos vehículos ou conxunto de vehículos empregados:
 1. Se o seu peso máximo autorizado non supera as 16 Tm, fíxase unha fianza de mil cincocentos euros (1.500,00 €).
 2. No caso de que algún vehículo supere esta masa máxima autorizada, a fianza ascende a tres mil euros (3.000,00 €).
4. A fianza poderá ser substituída pola presentación de póliza de seguro de responsabilidade civil da empresa que realice as actividades regulamentadas, acreditando a vixencia e cobertura da mesma para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións ,que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario e, especificamente, cubra os danos en vías e equipamentos públicos.
5. Para o caso de que a empresa subcontrate os traballos ou parte deles a outra empresa, deberá presentarse tamén a póliza de seguro de responsabilidade civil da empresa subcontratada nas mesmas condicións que se mencionan no apartado anterior.

Artigo 8.-Infraccións.

Contra o previsto nesta ordenanza, establécese o seguinte cadro de accións consideradas como infraccións moi graves, graves e leves.

1. Constitúen infraccións moi graves:
 1. Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
 2. Realizar calquera das actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
 3. Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 3.000 €.
 4. O depósito de madeira na vía pública.
 5. Calquera actuación que supoña unha situación de risco para a seguridade nas vías municipais.
 6. Ocultar ou falsear os datos ou a documentación esixida na presente ordenanza.
 7. Realizar vertidos que afecten ao dominio público municipal e que sexan susceptibles de provocar un deterioro grave no medio ambiente.
 8. Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves.
2. Constitúen infraccións graves:
 1. Deixar as vías municipais en deficiente estado de limpeza, segundo o informe municipal.

2. Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 3.000 €.
3. Non devolver ao seu estado orixinal as gabias e dominio público empregado para o acceso aos terreos.
4. Incumprir a obriga de identificación da empresa madeireira.
5. Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves.

3. Consideraranse infraccións leves:

1. Non exhibir o cartel permanente coa información da empresa mencionado nesta ordenanza ou exhibilo sen toda a información requirida,
2. Non sinalizar correctamente a actividade conforme a normativa.
3. Calquera outro incumprimento desta ordenanza que non esté calificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 9.- . Procedemento sancionador:

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas cos seguintes importes:
 - Infraccións leves: multa de ata 750,00 €.
 - Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 € e 1.500,00 €.
 - Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 € e 3.000,00 €.
2. Sen prexuízo das sancións que correspondan, cando o Concello teña coñecemento de calquera feito contrario ao recollido na presente ordenanza, ordenará a paralización das actividades e comunicará aos responsables das mesmas a obriga de restituír calquera dano provocado, establecendo un prazo de quince días para proceder á súa reparación.
3. Estas sancións poderán ser reiterativas por cada semana se a empresa non cumpre o esixido ou se mantén na situación de infracción tipificada, podendo dar lugar a multas coercitivas ao abeiro do disposto nos artigos 32 e 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, ou a normativa que legalmente a substitúa en termos similares.
4. A resolución do expediente sancionador corresponde á Alcaldía.
5. Se os danos fosen irreparables, a entidade local será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danos.
6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas á que houbese lugar.
7. O procedemento sancionador será o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e cos criterios expostos no título XI da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, de modernización do goberno local.

Artigo 10.- Responsables.

Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de empresa realizadora dos traballos.

Os propietarios das parcelas nas que se teñan realizado as actividades forestais, no suposto de non identificar a empresa unha vez sexan requiridos polo concello.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Someter o texto transcrito ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Segunda.- Resolver todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de prazo e aprobar o texto definitivamente polo Pleno da Corporación. En caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, o texto entenderase definitivamente aprobado e procederase á publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Cedeira.

Terceira.- A presente ordenanza entrará en vigor conforme ao establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, cando se teña publicado íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da citada lei.

Cuarta.- O modelo normalizado de escrito de comunicación previa manteranse permanentemente publicado e actualizado na paxina web municipal.

Quinta.- A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.”

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante publicación deste acordo no portal web do Concello, no Taboleiro de Edictos e no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- No caso de que non se presentasen reclamacións, a Ordenanza considerárase aprobada definitivamente de forma automática, debendo publicarse o texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia, e darse traslado do acordo e do texto definitivo da Ordenanza Municipal á Delegación do Goberno e ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día. A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

9. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 172/2025 DE DATA 09.05.2025 - ORDEN DE CONTINUACIÓN NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E REDE DE SANEAMENTO

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de maio de 2025, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 172/2025, de data 09.05.2025, que dí:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ORDEN DE CONTINUACIÓN NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E REDE DE SANEAMENTO

Expte.: 2025/G003/000187

Resultando que mediante acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria e urxente do día 30 de marzo de 2000 adxudícase o contrato administrativo para a concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga potable e rede de saneamento do municipio de Cedeira á empresa AQUAGEST, PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, S.A., sendo formalizado o contrato en data 18.04.2000, cun prazo de duración de cinco anos a partir de dita data prorrogables por períodos de cinco anos ata un máximo de vinte e cinco anos.

Resultando que mediante Addenda de data 12 de xuño de 2002 a concesión administrativa da que é titular AQUAGEST, S.A. (agora denominada VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU) queda ampliada en vinte anos adicionais e cinco anos iniciais pactados.

Resultando que o contrato administrativo para a concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga potable e rede de saneamento deste Concello da que é adxudicataria a empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU (CIF: A66141185) expira na data de 18 de abril de 2025.

Resultando que o servizo de abastecemento de auga potable e rede de saneamento é un servizo esencial para a poboación, polo que en tanto non se licite e se adxudique o novo contrato debe seguir na prestación do servizo a mesma empresa que foi adxudicataria do contrato que vence o 18.04.2025, como así se desprende do artigo 29.4 en relación co artigo 288.a) da lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

En virtude do anterior e no uso das atribucións que me outorga a vixente lexislación do réxime local,
RESOLVO:

Primeiro.- Ordenar por motivos de interese público a empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU (CIF:A66141185), que en tanto no se licite e adxudique o novo contrato para a concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga potable e rede de saneamento do Concello de Cedeira continúe na prestación de dito servizo nas condicións resultantes do contrato que expira o día 18.04.2025.

Segundo.-Incoar expediente para a licitación do novo contrato para a concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga potable e rede de saneamento do Concello de Cedeira.

Terceiro.-Notificar a presente resolución a empresa adxudicataria, indicándolle os recursos que lle asisten.

Cuarto.- Ratificar a presente Resolución no primeiro Pleno que se realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día.

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

CVD: YyZ438WuW/48pRlwiGP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR Ana Velo Ruiz (FECHA: 24/07/2025 13:33:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2025 13:34:00)
Versión imprimible
CVD: grNr2F4LgtsGdSAk3+Qw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	Asunto
00142/2025	CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO E CAMBIO DE PLACA DE VAO EXPEDIENTE 2024/V008/000019
00143/2025	APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO (EXP. 2024/U044/000021)
00144/2025	APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO (EXP. 2024/U044/000009)
00145/2025	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO SEGUNDO O DISPOTO NO REAL DECRETO 462/2002, DO 24 DE MAIO, A FUNCIONARIA EN PRÁCTICAS DONA KAREN PÉREZ PITA POLA ASISTENCIA COMO ALUMNA AO CURSO DA AGASP ENTRE O 16/02 AO 14/03/2025
00146/2025	PAGO CONCURSO DE CARTELES DO 8M A PERSOAS PREMIADAS
00147/2025	APORTACIÓN GRUPOS POLÍTICOS DO 1 DE XANEIRO ATA O 31 DE DECEMBRO DO 2024 EN CANTO AO GRUPO E AO NÚMERO DE CONCELLEIROS
00148/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034778 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00149/2025	ALTA DA ASOCIACIÓN BRINCADEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. (EXPTE 2024/R004/000005)
00150/2025	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 07 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCÍONS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D
00151/2025	NÓMINA MARZO 2025
00152/2025	PARTICIPAR DE FORMA ASOCIADA COS CONCELLOS DE CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA, NA SOLICITUDE, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA DAS SUBVENCÍONS CONVOCADAS MEDIANTE ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, DE 3 DE XANEIRO DE 2025 (DOGA NÚM. 25 DO 06.02.2025) (EXPTE 2025/A006/000005)
00153/2025	CONCESION AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS EXPTE TEDEC 2025/S009/000007
00154/2025	CADUCIDADE DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (EXP. 2024/I004/000001)
00155/2025	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 2 AO 30 DE ABRIL DE 2025.
00156/2025	ACHÉGASE RECORDATORIO DO PAGO DA COTA ANUAL 2025 POLA COMPRA DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL
00157/2025	PAGO A XUSTIFICAR 01/2025
00158/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034849 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00159/2025	CONSULTA DE EXPEDIENTE SOLICITADO POR Dª. BENIGNO LOPEZ RODRIGUEZ(EXPTE: 2025/X998/000038)
00160/2025	CONSULTA DE EXPEDIENTE SOLICITADO POR Dª. MARIA MERCEDES BUSTABAD PÉREZ(EXPTE: 2025/X998/000031)

00161/2025	APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO (EXP. 2024/U044/000019)
00162/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MARZO DE 2025
00163/2025	DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO JESÚS ROMERO CARRACELAS PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL
00164/2025	DECRETO ANULADO INADMISION A TRÁMITE (EXPTE.: 202_/U02___/0000__)
00165/2025	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00166/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/14
00167/2025	CONCESION DE AES MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2025/S009/000009
00168/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA FINAL CORRESPONDENTE Á SEGUNDA ANUALIDADE DA SUBVENCION DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
00169/2025	MODELOS AEAT 111 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025
00170/2025	RESOLUCIÓN POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A LANDCOMPANY 2020 SLU (MALEZA EN FINCA)
00171/2025	CONTRATACIÓN DE DONA BENIGNA BROCOS FRAGUELA COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA SILVIA MARÍA PÁJARO BUGLIOT POR BAIXA IT
00172/2025	ORDEN DE CONTINUACIÓN NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E REDE DE SANEAMENTO
00173/2025	DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO JESÚS ROMERO CARRACELAS PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL
00174/2025	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00175/2025	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/16 (TAXAS)
00176/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/15
00177/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL - APROL RURAL 2025
00178/2025	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON ALEJANDRO TEIJEIRO GUNDÍN COMO PEÓN POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN POLO INCREMENTO OCASIONAL E IMPREVISIBLE DA ACTIVIDADE
00179/2025	SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL ALUMBRADO DEL CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE O BECO” AO ABEIRO DA ORDE DO 05 DE MARZO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B
00180/2025	EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00181/2025	DENEGACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2025/S009/000010
00182/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 30/2025 DO 22/01/2025
00183/2025	XUSTIFICACION TOTAL DA AXUDA DE EMERXENCIA CONCEDIDA NO DECRETO 467/2024 DO 09/09/2024 EXPTE TED 2024/S009/000022
00184/2025	CONTRATACIÓN DE DONA MARÍA DOLORES TORRES FRAGUELA COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA MARÍA YOLANDA PÉREZ COSTA POR BAIXA IT.
00185/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034973 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00186/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2025/S009/000011
00187/2025	LOCOMOCIÓN SAF MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2025 A INCLUIR NUNHA PAGA DE ATRASOS
00188/2025	APROBACION PAGO PRINCIPAL NO P. A. 84/2024 PROMOVIDO A INSTANCIA DE GERMAN

	AMENEIROS HERMIDA
00189/2025	RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA PRAZA DE EDUCADOR/RA FAMILIAR INCLUÍDA NO PROCESO EXTRAORDINARIO ESTABILIZACIÓN
00190/2025	RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA PRAZA DE ASISTENTE SOCIAL ESTABILIZACIÓN
00191/2025	NÓMINA ABRIL 2025
00192/2025	CONTRATACIÓN DE DON ANDRÉS LOZANO CASAL COMO OFICIAL DE PRIMEIRA, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15.2 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00193/2025	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO SEGUNDO O DISPOTO NO REAL DECRETO 462/2002, DO 24 DE MAIO, A FUNCIONARIA EN PRÁCTICAS DONA KAREN PÉREZ PITA POLA ASISTENCIA COMO ALUMNA AO CURSO DA AGASP ENTRE O 16/03 AO 11/04/2025
00194/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/18 (GAS NATURAL)
00195/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/17
00196/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000035070 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00197/2025	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL CONCELLOS 2025
00198/2025	RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS SOCIAIS INCLUÍDA NO PROCESO EXTRAORDINARIO ESTABILIZACIÓN
00199/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASTOS SANITARIOS EXPTE TEDEC 2025/S009/000015
00200/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECEISDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2025/S009/000014
00201/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E HIXIENE) EXPTE TEDE C 2025/S009/000013
00202/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2025/S009/000012
00203/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 694/2024 DO 19/12/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000040
00204/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 98/2025 DO 28/02/2025 EXPTE TEDEC 2025/S009/000002
00205/2025	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CEDEIRA
00206/2025	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19
00207/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ABRIL DE 2025
00208/2025	DECRETO DE ALCALDÍA DE LEVANTAMENTO DE REPARO DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DE MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS. POS+2023
00209/2025	CONTRATACIÓN DE DON CRISTOBAL MARTÍNEZ NAVEIRAS COMO OFICIAL DE PRIMEIRA POR SUBSTITUCIÓN DO OPERARIO DE SERVIZOS DON BERNARDO PÉREZ FERÁNDEZ POR BAIXA IT.
00210/2025	PAGO PREMIOS ENTROIDO 2025
00211/2025	PRORROGA DO CONTRATO DE TRABAJO DE MARIA BUSTABAD MARTINEZ COMO EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO DE CEDEIRA AÑO 2025
00212/2025	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 6 AO 30 DE MAIO DE 2025.

00213/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000035159 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00214/2025	INSTALACIÓN DE 6 NOVAS CÁMARAS DE VIXILANCIA PARA A XESTIÓN, REGULACIÓN, ORDENACIÓN, VIXILANCIA, E DISCIPLINA DO TRÁFICO NAS VÍAS URBANAS
00215/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2025/S009/000016
00216/2025	DECRETO APROBACIÓN TAXA PORTOS GALICIA PARA ESTACIONAMIENTO CON MOTIVO DA ENTREGA DE PREMIOS DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAZA E PESCA
00217/2025	CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026
00218/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000035228 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00219/2025	PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN COBERTURA DE 2 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO SERVIZOS ECONÓMICOS, PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMIISTRACIÓN XERAL , SUBESCALA ADMINISTRATIVA, MEDIANTE SISTEMA DE CONCURSO EN TURNO LIBRE
00220/2025	PROCEDEMENTO DE COBERTURA DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO BIBLIOTECA, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, EN TURNO LIBRE
00221/2025	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON ANDRÉS LOZANO CASAL PARA CUBRIR TEMPORALMENTE O POSTO DE TRABALLO QUE FIGURA CO CÓDIGO 15022OPCO-01 NO ACTUAL CPT DO CONCELLO DE CEDEIRA, DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA. OEP 2023 PUBLICADA NO BOP 53 DE 14 DE MARZO DE 2024.
00222/2025	PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DUN FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS NO POSTO DE ADMINISTRATIVO/A
00223/2025	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 43/2025 CHUBB IBERIA SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00224/2025	PERSONAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 43/2025
00225/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/20
00226/2025	CORRECCIÓN DE ERRO NO DECRETO DE ALCALDÍA NÚMERO 208/2025 DE DATA 05.05.2025
00227/2025	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA NA ELABORACIÓN DA RPT DO CONCELLO DE CEDEIRA
00228/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 105/2025 DO 03/03/2025
00229/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000035322 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00230/2025	SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO” AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE ABRIL DE 2025 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E
00231/2025	XUSTIFICAICON DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 107/2025 DO 05.03.2025 EXPTE TEDEC 2025/S009/000005
00232/2025	LEVANTAMIENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/21
00233/2025	CONTRATACIÓN DE CINCO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00234/2025	NOMEAMENTO DE DONA MAITE MOURIZ FERNÁNDEZ COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA, CÓDIGO 15022AXAD-01, ADSCRITA O DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL.
00235/2025	DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23.05.2025 NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE

00236/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POLOS DIFERENTES SISTEMAS PUBLICOS
00237/2025	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 29.05.2025

O Pleno queda enterado.

Pola Presidencia indícase que a continuación procédese co punto 12 da orde do día.

12. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Cribeiro García di: En canto ás Resolucións de Alcaldía, gustaríanos que por parte de Secretaría se nos dese copia das mesmas.

En canto a preguntas, hai varios establecementos hoteleiros que fixeron a súa petición por escrito no rexistro do Concello...

O Sr. Alcalde di: Perdoa, Xulio, perdoa que te interrompa, pregunta é iso, non?

O Sr. Cribeiro García di: Si. Repito, hai varios establecementos hoteleiros que fixeron unha petición por escrito no rexistro do Concello, consta que piden a utilización dun pedazo de vía pública para a descarga transitoria de maletas e outros obxectos cando se incorporan e cando saian de ditos establecementos hoteleiros. Señor Moreda, por que non se lles contesta e se lles da dunha vez unha resposta rápida para facilitar a entrada e saída de turistas en Cedeira que tamén fan turismo?

O Sr. Alcalde di: Pois a resposta máis rápida é que xa está feito.

A Sra. López Rodríguez di: Está feito dende antes de Semana santa.

O Sr. Alcalde di: Pintado e todo iso aos establecementos que o solicitaron.

O Sr. Cribeiro García di: Vale. Outra pregunta; cando vai o Concello de Cedeira a ceder á Xunta de Galicia solo público para a construción de vivendas protexidas?
Outra pregunta...

O Sr. Alcalde di: Espere, déixeme apuntar.

O Sr. Cribeiro García di: Podo?

O Sr. Alcalde di: Si, si.

O Sr. Cribeiro García di: Señor Xose de Vigo, vostede afirmou públicamente que o seu partido e o PSOE de Cedeira eran un mesmo goberno, un mesmo goberno, iso si, despois de renegar por completo do seu actual socio durante a última campaña electoral. E agora, dedícase a queixarse e a dicir que non está contento co señor Moreda, que existe unha parálise en moitos proxectos do Concello. Porque vostede aquí, nun Pleno público, pode explicar as accións que o BNG vai levar a cabo despois de publicar que existe un descontento coa situación actual do Concello de Cedeira. Pode explicar cales son os puntos nos que difire do seu socio de goberno?

O Sr. Arribe Rodríguez di: A pregunta é ó Concello ou é a min. Pódeme facer preguntas a min?

O Sr. Alcalde di: Si, si.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Si, si. Vale, vale, perfecto. Señor Cribeiro, desgraciadamente teño unha experiencia nefasta con respecto aos gobernos de coalición que cando un goberno de coalición se convirte en dous gobernos, o fracaso está asegurado. Nós, neste goberno que temos aquí, o PSdG e o BNG, somos un só goberno, por qué? Porque trátase de confiar os uns nos outros. Nosoutros vemos as cousas, discutímolos, reñímonos, pero logo, sacamos unha conclusión e iso é o que sacamos adiante. Con respecto ao que decía do señor Moreda, que dixo tal ou dixo cual... iso non é verdade. Eu non dixen nada. Evidentemente, o BNG nun momento determinado pensou que lle tiñamos que dar un xiro á dinámica que estaba levando isto. Pero iso non é nada malo. Foi algo acordado polo PSdG e polo BNG. Non é nada malo. Un só goberno.

O Sr. Cribeiro García di: Ou sexa, que non existe parálise de funcionamento?

O Sr. Arribe Rodríguez di: Hai, si, si, claro, claro. Hai algunhas cousas que todavía faltannos por facer, evidentemente. Seríamos magos se fixéramos en dous anos o de catro, seríamos magos. Aínda faltan cousas por facer, evidentemente. E sentámonos para ver que é o que nos falta e por onde temos que atacar. E nada máis. Un só goberno.

O Sr. Alcalde di: As autocríticas son positivas en todos os grupos de goberno e incluso na oposición. Todo se pode mellorar, por suposto.

O Sr. Cribeiro García di: Un rogo, podo?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Recentemente tivemos a visita da Conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, en Cedeira na que ofreceu ao Concello a posibilidade de ceder xaulas para a captura de xabarís. Rogamos ao Concello que teña a ben solicitar ditas xaulas e tamén lle comunique dita iniciativa á Sociedade de Caza e Pesca de Cedeira.

A Sra. Pernas Díaz di: Podo falar?

O Sr. Alcalde di: Son rogos, non teñen contestación.

O Sr. Cribeiro García di: Outro rogo; o señor Moreda pensa que Cedeira é o seu lugar particular e usa as canles oficiais: *Cedeira Informa*, páxina web e redes sociais para atacar de forma partidista ao Partido Popular. Un ataque a través dunha canle pagada cos impostos de todos os cedeireses, que fai con mala fe e desprecio absoluto polas leis de democracia e vulneración dos principios de neutralidade.

Palabras textuais de dita publicación do señor Moreda e das súas queixas: un urbanismo especulativo que se desenvolveu nos edificios da Praza Roxa e da primeira liña de praia.

Señor Moreda, fagamos unha cousa, asuma hoxe o compromiso de facer unha consulta pública, pregúntelle aos cedeireses, tal e como se queixa vostede de que non lle gusta o que hai, se queren botar abaixo a Praza Roxa, os edificios anexos, os bares, as tendas e todo o que hai nesa zona. Sexa valente de facer unha consulta pública e escoite aos veciños. De nada vale queixarse se non actúa. A vostede non lle gusta o que está construído e cree que a Praza Roxa e os edificios anexos nunca deberían estar aí.

Mire, señor Moreda, vostede é un ignorante da historia de Cedeira, repito, un ignorante da historia de Cedeira. Vostede é un advenedizo chegado a Cedeira como diría Rafael Usero, cronista oficial da Vila de Cedeira.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Un pouco de respecto, por favor.

O Sr. Cribreiro García di: Un advenedizo que pretende que os que nacimos e nos criamos en Cedeira creamos o que vostede crea. Non ten nin idea, repito, da historia de Cedeira. Vostede en pleno século XXI actúa como un señor feudal da Idade Media, como un señor amo de Cedeira. Actúa como un señor e unha sociedade de servos e vasallos, das súas xentes e das nosas mentes, a quen discrepe de vostede, nota de prensa na páxina do Concello de Cedeira, manda unha nota de prensa. Quen escribe en dita páxina? De qué Consellería depende *Cedeira Informa*? Hai unha empresa periodística detrás? Quenes son?

Mire, vostede xa lle dixen que era un ignorante da historia de Cedeira, voulle facer un pequeno resumen, un análise da actuación urbanística nos terreos anexos ao río Condomiñas na década dos anos 70:

A superficie de actuación foi de 3 hectáreas, 26 áreas e 51 centiáreas, é dicir, 32.561 metros cadrados. A superficie ocupada polos edificios privados é de 5.752 metros cadrados, o que supón unha porcentaxe do 17,59 % do total da superficie de actuación. Se en vez de ocupación faláramos de superficie construída ao ser B+4+BC, estaríamos nunha superficie construída de 20.208 metros cadrados, é dicir, un 0,61 metros cadrados.

A superficie ocupada en viais é de 7.556 metros cadrados, é dicir, un 23 % da superficie total de actuación. A superficie destinada a parques e aparcamentos públicos é de 9.043 metros cadrados, o que supón un 27,60 %.

A superficie destinada a edificios públicos, sala Áncora e colexio Nicolás del Río e Arenal, coas súas dotacións inherentes, é de 10.300 metros cadrados. Iso representa unha ocupación do 31,40 %. Unha análise das unidades de execución que figura no Plan Xeral vixente de Cedeira a día de hoxe no Concello de Cedeira. Son 11 as unidades que se plantexaban para desenvolver no casco urbano de Cedeira. A superficie construída nas mesmas varía de 0,80 metros a 1 metro cadrado ata 1,60 metros cadrados, polo que é lóxico tomar a medida das mesmas que resulta de 1,22 metros cadrados, que é o que tomaremos para comparar a actuación cos anos 70. Nas unidades de execución que sinalan e o tanto por cento para a súa dotacional é do 15%. Un análise comparativo da actuación dos anos 70 coa media de execución do Plan Xeral. O análise tan so o podemos facer en base a parámetros de edificabilidade e solo dotacional. A media da superficie edificable que hai nas unidades de execución é de 1,22 metros cadrados e na actuación dos anos 70 é de 0,62 metros cadrados, iso significa que se podería edificar privadamente un 96% máis do que actualmente está construído. Repito, poderíase edificar privadamente un 96% máis do que actualmente está construído, é dicir, case o dobre do actual. Imaxinemos 14 edificios como os actuais, que poderían existir, non podemos falar de especulación porque deses 14 edificios que se poderían haber construído, non se construíron, non houbo especulación urbanística, senón todo o contrario, podemos falar dunha gran actuación para o pobo de Cedeira feita, unha actuación feita con persoas particulares de Cedeira. As persoas particulares de Cedeira foron as que fixeron a Praza Roxa. A superficie ocupada por estes 14 posibles edificios transformouse en viais, parques, prazas e aparcamentos para uso e desuso de todos os veciños de Cedeira.

Outro parámetro a comparar é o solo dotacional que nas unidades de execución sinala o 15%, cando da presunta especulación urbanística da que fala o señor Moreda temos un 31,40%, o que supón máis do dobre do suelo dotacional do que se esixe nas unidades do Plan Xeral de ordeación urbana de Cedeira. A Praza fíxose tal e como está hoxe en día, con saída dos garaxes cara ó exterior, os coches non saen hacia a Praza. O feito de que os edificios que conforman a Praza teñan soportais supón un incremento de solo público no que se tivo en conta o análise que xenera uns ingresos para os locais da Praza Roxa e, tal e como está hoxe en día, a Praza Roxa supón un motor económico moi importante para todos os numerosos negocios que existen na Praza Roxa.

Quero anunciarlles que imos a rexistrar un escrito denunciando esta situación coa seguinte información: que o pasado 15 de maio, na sección noticias da web municipal, sección que preside ou destaca no primeiro acceso que calquera cidadán realiza ao devandito portal institucional, un portal institucional, incluíuse unha pretendida información de natureza esencialmente política e críticas e xuízos de valor do Alcalde contra o portavoz e o grupo municipal do Partido Popular de Cedeira. Sen necesidade de facer un estudo léxico-métrico, de maneira obvia, compróbase que toda a suposta noticia é unha diatriba contra

o Partido Popular usando a canle de Cedeira Informa e sen que nin sequera traia causa ou sexa reprodución parcial ou reflexo informativo dunha intervención ou debate no Pleno municipal, o que incrementa por absolutamente gratuito ou inmotivado o carácter xurídicamente inxusto de dita publicación.

Segundo, á marxe de consideracións de ética pública e sen entrar de maneira exhaustiva na natureza, ou non, no réxime xurídico do referido portal web, cabe advertir que a publicación inserida constitúe unha grosería xurídica, unha manifesta ilegalidade, tendo en conta que desborda de maneira manifesta a habilitación ou a potestade de ofrecer información outorgada ós concellos polo artigo 69 da Lei reguladora de Bases de réxime local e que á marxe do contido publicado non se corresponde co que pode ser unha información administrativa ou de actividade da administración pública, á marxe diso, a referida publicación inserida o pasado 15 de maio de maneira destacada no portal web e aínda visible a día de hoxe, despreza, de maneira groseira, o principio de neutralidade das administracións públicas, así como de principio ao pluralismo e integra un suposto de desviación de poder, vicio administrativo que potencialmente pode cursar en progresión con determinados tipos penais. É por isto que neste rogo solicitámoslle:

Primeiro, que se retire a referida noticia do portal web do concello de Cedeira

Segundo, que o goberno local axuste a natureza e o contido das futuras publicacións no devandito portal web ou noutras redes sociais aos medios de comunicación propios aos principios de neutralidade informativa e respecto ao pluralismo.

O Sr. Alcalde di: Xa?

O Sr. Cribreiro García di: Si.

O Sr. Alcalde di: Bueno, miraremos a noticia como é para ver de qué se trata porque non sei agora mesmo de cal está falando.

Falando vostede de respecto, non lle vou entrar ao trapo dos insultos que me acaba de dicir que se non nacín aquí, que vostede si é de aquí. Non lle vou a entrar, pero si que lle vou dicir unha cousa; vergoña me daría pasar polos xulgados, como pasou vostede polas cousas que fixo estando no Concello de Moeche e vindo aquí representado a Cedeira. Debíalle caer a cara de vergoña.

O Sr. Cribreiro García di: Vergoña ningunha.

O Sr. Alcalde di: Non, non.

O Sr. Cribreiro García di: Non me deixa responderlle?

O Sr. Alcalde di: Non, porque estamos en rogos e preguntas. Eu respondinlle e xa lle dixen que non lle vou entrar en insultos de ningún tipo.

O Sr. Cribreiro García di: Ostra, menudo insulto acaba de manifestar vostede.

O Sr. Alcalde di: Os insultos...

O Sr. Cribreiro García di: Eu estou libre, señor Moreda, estou libre.

O Sr. Alcalde di: É diferente ser... Non, non, déixeme falar a min que estou eu.

O Sr. Cribreiro García di: A Fiscalía xa sabemos de quen é. Quen me imputou? A Fiscalía.

O Sr. Alcalde di: Unha cousa é ser inocente e outra non culpable.

O Sr. Cribeiro García di: Vostede é un caradura. Eu a vostede non o insultei. Vostede non é de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Eu de momento non o insultei. Pero qué pasa por non ser Cedeira?

O Sr. Cribeiro García di: Pois que non é.

O Sr. Alcalde di: Qué problema hai con non ser de Cedeira? Qué pasa? Que os de fóra somos malos?

O Sr. Cribeiro García di: Que non pode chegar aquí insultando ós veciños de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Quen está insultando é vostede.

O Sr. Cribeiro García di: E dicindo que hai unha especulación urbanística.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Podo facer unha pregunta?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Non, dixo que non que en rogos non había preguntas.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Son rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde di: Modero eu, e déixolle falar se me pide a palabra.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non é rogos e preguntas?

O Sr. Alcalde di: Veña, veña, que está aí o seu pequeno...

O Sr. Cribeiro García di: Vostede tamén está gravando.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Podo facer unha pregunta?

O Sr. Cribeiro García di: Fai uns minutos acaba de dicir que non se permiten preguntas nos rogos.

O Sr. Alcalde di: Vostede non ten a palabra.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Podo facer unha pregunta?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Non, eu non lla vou contestar. Tal e como o señor Alcalde dixo que en rogos non había preguntas.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Rogos e preguntas é.

O Sr. Cribeiro García di: Se a vostede lle permite falar, nosoutros levantámonos e vámonos

O Sr. Arribe Rodríguez di: Estou facendo unha pregunta.

O Sr. Alcalde di: Váíase. Se se quere ir. Váíase.

O Sr. Cribeiro García di: Váíase, ves? Esa é a actitude.

O Sr. Alcalde di: Estao dicindo...se se quere ir. Xose, podes facela

O Sr. Arribe Rodríguez di: Eu tiven a mala sorte de nacer onde estaba miña nai cando pariu, a mala sorte de nacer alí, que curiosidade, pero eu persoalmente decidín ser cedeirés e ninguén me vai a dar un certificado de se son ou non cedeirés. Ninguén. E o señor Cribeiro menos.

O Sr. Cribeiro García di: Pois vostede a min menos, moito menos, eh!

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non, non. É que eu non reparto nada. Levo máis anos en Cedeira que vostede, bastantes máis. Cando vostede aínda non nacera eu xa viña, meu avó é de Esteiro, se lle parece ben.

O Sr. Alcalde di: Damos por finalizado o Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:47 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ